# DEPARTAMENTO DIDÁCTICO

# DE

# MÚSICA

# PROXECTO CURRICULAR E PROGRAMACIÓN

# 2021/22

CORRESPONDENTE A:

**1º CICLO :** 2º ESO A, B, C, D, E

**2º CICLO :** 3º ESO A, B, C, D, E

**4º ESO** ( 4º OPTATIVA Modalidad Académicas) e
( 4º OPTATIVA Modalidad Aplicadas)

**1º BACH :** LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL ( OPTATIVA: A+B+C+D+ E )

**2º BACH:** HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA (OPTATIVA A+B+C+D+ E)

**Profesores que compoñen o Departamento de música:**

- D. Óscar Iglesias Vázquez
- Dna. Rosa Seoane Riobó

**Cursos que imparte cada profesor:**

- D. Óscar Iglesias Vázquez

2º ESO MÚSICA: Grupos: A, B, C, D, E
3º ESO MÚSICA: Grupos A, B ( con 3º PMAR) ,C, D, E

- Dna Rosa Seoane Riobó:

2º ESO AFONDAMENTO DE MÚSICA : 1 grupo
4º ESO : 2 grupos : ( Optativa A,B,C,D,E Opt. Académicas + Opt. Aplicadas)
1º BACH : 2 grupos Linguaxe e práctica musical ( Optativa: A,B,C,D, E)
2º BACH : 2 grupos Historia da música e da danza ( Optativa: A,B,C,D,E)

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN 6
OBXECTIVOS DA ESO ( LOMCE ) 7
OBXECTIVOS NA MATERIA DE MÚSICA 8
METODOLOXÍA DIDÁCTICA NA ESO 9
CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS NA ESO 10
2 ESO 11
1. Contidos 11
2. Competencias clave 13
3. Estándares de aprendizaxe 13
4. Temporalización dos contidos 15
5. Grado mínimo para a consecución da materia 15
6. Procedementos e instrumentos de avaliación 16
7. Metodoloxía didáctica 16
8. Materiais e recursos didácticos 17
9. Criterios de avaliación 17
10. Criterios de promoción 19
11. Criterios de calificación e cuantificación na avaliación 19
13. Proba extraordinaria de xuño 20
2º ESO AFONDAMENTO 20
Introducción 20
Metodoloxía 21
Obxectivos 21
Contidos 21
Criterios de avaliación 22
Criterios de calificación e cuantificación 22
Temas transversais 22
Recursos didácticos 23
3º ESO 23
1. Contidos 23
2. Competencias clave 25

3. Estándares de aprendizaxe 26
4. Temporalización dos contidos 27
5. Grado mínimo para a consecución da materia 28
6. Procedimientos e instrumentos de avaliación 29
7. Metodoloxía didáctica 29
8. Materiais e recursos didácticos 30
9. Criterios de avaliación 30
10. Criterios de promoción 31
11. Criterios de calificación e cuantificación na promoción 31
12. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente 32
13. Proba extraordinaria de xuño 33
4º ESO 33
1. Contidos 33
2. Competencias clave 35
3. Estándares de aprendizaxe 35
4. Temporalización dos contidos 36
5. Grado mínimo para a consecución da materia 37
6. Procedimientos e instrumentos de avaliación 37
7. Metodoloxía didáctica 38
8. Materiais e recursos didácticos 38
9. Criterios de avaliación 39
10. Criterios de promoción 40
11. Criterios de calificación e cuantificación na promoción 40
12. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente 41
13. Proba extraordinaria de xuño 42
PROGRAMA DE REFORZO E AMPLIACIÓN 42
PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR NA ESO 43
PROGRAMACIÓN DE 1º E 2º DE 43

| | |
|---|---|
| BACHARELATO SEGUNDO A LOMCE | 43 |
| OBXECTIVOS DO BACHARELATO | 43 |
| 1º BACHARELATO : | 44 |
| LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL | 44 |
| Introducción | 44 |
| 1. Contidos | 45 |
| 2.Competencias clave | 47 |
| 3. Estándares de aprendizaxe | 47 |
| 4.Temporalización dos contidos | 48 |
| 5. Grado mínimo para a consecución da materia | 49 |
| 6. Procedimientos e instrumentos de avaliación | 50 |
| 7. Metodoloxía didáctica | 51 |
| 8. Materiais e recursos didácticos | 51 |
| 9. Criterios de avaliación | 51 |
| 10. Criterios de promoción | 52 |
| 11. Criterios de calificación e cuantificación na promoción | 52 |
| 12. Proba extraordinaria de xuño | 53 |
| 2º BACHARELATO : HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA | 54 |
| Introducción | 54 |
| 1. Contidos | 54 |
| 2. Competencias clave | 57 |
| 3. Estándares de aprendizaxe | 57 |
| 4. Temporalización dos contidos | 59 |
| 5. Grado mínimo para a consecución da materia | 61 |
| 6. Procedimientos e instrumentos de avaliación | 62 |
| 7. Metodoloxía didáctica | 63 |
| 8. Materiais e recursos didácticos | 63 |
| 9. Criterios de avaliación | 64 |
| 10. Criterios de promoción | 65 |
| 11.Criterios de calificación e cuantificación na promoción | 65 |

12. Proba extraordinaria de xuño 66

MECANISMOS DE REVISIÓN , AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 66

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE E A PROGRAMACIÓN 67

AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS ADOPTADAS COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS 67

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE 67

ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLAN 68

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES 68

ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR 70

ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN DE INTEGRACIÓN TICS 71

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA 72

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONTINXENCIA ANTE O PECHE DA AULA DE MÚSICA NO CONTEXTO DA COVID-19 72

CONCLUSIÓN 72

No presente curso se imparte o currículo segundo a lei LOMCE en tódolos tramos educativos a pesar de que xa está implantada lei LOMLOE este curso no referente ás garantías na avaliación (que o rendemento escolar sexa avaliado conforme aos criterios e obxectivos), promoción así como no establecemento do procedemento de revisión e reclamación das calificacións.

## INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Da organización dos contidos en bloques e eixos non se deriva unha priorización na súa secuencia. É dicir, na práctica, o profesorado combinará ambos os aspectos do xeito que lle resulte máis coherente e que fomente a comprensión dos contidos e conceptos musicais por parte do seu alumnado.

A contextualización na materia de música ten que ver co tipo de alumnado que recibimos e o centro no que traballamos e desenvolvemos todas as actividades. O tipo de alumnado son adolescentes de procedencia variada tanto no que se refire a nacionalidades como a diferentes capas sociais.

Segundo a Rede de Centros de Ensino Público de Galicia, o noso Centro está autorizado para impartir: 5 grupos por nivel na ESO (20 grupos) e en Bacharelato 5 grupos de Ciencias da Natureza e da Saúde e 5 grupos de Humanidades e Ciencias Sociais por nivel (10 grupos).

Están adscritos ao Instituto segundo dita Rede:.

O Colexio de Educación Infantil e Primaria nº 1 de Tui
O Colexio de Educación Infantil e Primaria nº 2 de Tui
O Colexio de Educación Infantil e Primaria de Randufe

Na actualidade impártense 6 niveis: 1º, 2º, 3º e 4º da ESO, e 1º e 2º de Bacharelato.

En 1º da ESO: 5 grupos coas seguintes materias optativas:
2ª Lingua estranxeira (francés ou portugués).
En 2º da ESO: 5 grupos coas seguintes materias optativas:
2ª Lingua estranxeira (francés ou portugués).
En 3º da ESO: 5 grupos .
En 4º da ESO: Dúas modalidades: Académicas , encamiñado ao Bacharelato. E Aplicadas, encamiñado á formación profesional
En 1º Bacharelato: 5 grupos repartidos nas modalidades de Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias sociais.
En 2º Bacharelato: 5 grupos repartidos nas modalidades de Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias sociais.

En xeral a actitude do alumnado é boa do mesmo xeito que a súa implicación na materia de música
A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento con gran valor na vida das persoas; ademais, favorece o seu desenvolvemento integral, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.
Na actualidade, a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. Co desenvolvemento tecnolóxico multiplicáronse as canles de acceso ás cada vez máis numerosas fontes de cultura musical, así como aos seus diversos xeitos de creación e interpretación, a través de vehículos que forman parte da súa vida cotiá, como internet, os dispositivos móbiles, os reprodutores de son e os videoxogos. Ademais, fomenta o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica. A materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tec-

nolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo.
Transcendendo estes valores estéticos, propios da competencia de conciencia e expresións culturais, o alumnado aprenderá actitudes de cooperación e traballo en equipo ao formar parte de diversas agrupacións nas que cadaquén asumirá diferentes papeis para poder interpretar música en conxunto. Por outra parte, é interesante fomentar actitudes emprendedoras que acheguen o alumnado ás diferentes profesións no ámbito musical e non musical.
Esta materia fomenta as actividades colaborativas ao integrar os/as estudantes nun grupo, fomentando o intercambio de ideas, o respecto entre iguais, a integración, a creatividade, o coñecemento doutros contextos e o desenvolvemento da intelixencia emocional.
O estudo desta materia parte dos coñecementos previos adquiridos polo alumnado na educación primaria e do seu desenvolvemento evolutivo, afondando con elementos que, dado o seu nivel de abstracción, deben abordarse neste momento de desenvolvemento do alumnado.
Entre outros, é obxectivo desta materia dotar os alumnos e as alumnas dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos musicais, unha comprensión da linguaxe musical como medio de expresión artística, unha sensibilidade cara á expresión musical e o entendemento da música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade. Tamén se lle outorga un papel importante á análise das obras musicais, entendendo que se pode levar a cabo en distintos niveis de profundidade.
Os elementos do currículo básico organizáronse en catro bloques, moi relacionados entre si, que comparten múltiples elementos: "Interpretación e creación" integra a expresión instrumental, vocal e corporal coa improvisación e a composición musical, o que permitirá ao alumnado participar da música dunha forma activa; "Escoita" pretende crear a primeira actitude fundamental cara a esta arte e dotar o alumnado das ferramentas básicas para gozar dela a través da audición e a comprensión do feito musical; "Contextos musicais e culturais" relaciona a música coa cultura e a historia, dá a coñecer o valor do patrimonio musical español e galego, e ensina a identificar o estilo e as características distintivas da música que delimitan cada período histórico básico; e finalmente, "Música e tecnoloxías" pretende abranguer o coñecemento e a práctica da interacción entre música e novas tecnoloxías. Estes aspectos teñen especial importancia debido á proximidade que as tecnoloxías teñen na vida cotiá do alumnado, polo que se pretende xerar unha vinculación entre a linguaxe tecnolóxica que utiliza habitualmente e a música dentro da aula.
Tamén vese necesario resaltar a importancia do uso dunha metodoloxía adecuada a este enfoque curricular, que posibilite que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe, traballando de xeito colaborativo, onde a práctica e a vivencia do feito musical sexa real e relevante para o alumnado, para a comunidade educativa e para o contorno social.
Xa como remate, puntualizar que este novo curso por mor da situación sanitaria debido á pandemia de COVID-19 é necesario adxuntar nesta programación unha planificación tanto presencial do alumnado como de educación a distancia se fosen requeridos novos confinamentos debidos a rebrochos do virus.

## OBXECTIVOS DA ESO ( LOMCE )

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equi- po, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discrimi- nación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en ma- terias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respec- tar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a edu- cación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## OBXECTIVOS NA MATERIA DE MÚSICA

Son os relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencio- nalmente planificadas para tal fin.
A educación secundaria obrigatoria segundo a lei de Educación LOMCE contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igual- dade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equi- po, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discrimi- nación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respec- tar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a edu- cación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversi- dade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

## METODOLOXÍA DIDÁCTICA NA ESO

Os principios que rixen a elaboración da presente Os programación de referencia serán:
a) A actividade. Un método activo caracterizase polo plantexamento inicial de que as cousas se aprenden facéndoas. A actividade supón a posta en marcha dunha serie complexa de variables, que debido ó talante da nosa área poden ser corporais, intelectuais, espirituais, afectivas, sociais, e expresivo-comunicativas.
b) A unidade de teoría e práctica. A tradicional separación de ámbalas dúas non facilita a fixación do aprehendido no proceso de ensinanza e aprendizaxe. O xeito de mixturar a práctica e a teoría a través da actividade precisa dun principio de intervención educativa cuia base debe se-la investigación personal, por parte da docencia y dos e das discentes, individual ou grupalmente. No proceso de aprendizaxe, o alumnado deberá expresa-las súas propias ideas, opinións, e valoracións, no marco dun plantexamento analítico, que obrigue a unha síntesis, e un debate aberto sobre elas, o que conleva o desenvolvemento da capacidade reflexiva, o sentido crítico e a capacidade analítica.
c) A atención personalizada. Dentro das lóxicas limitacións do sistema educativo polo número de educandos presentes en cada grupo, procuraráse impartir unha educación personalizada. En todo momento a docencia terá en conta a dimensión individual e afectivo social de cada membro do grupo, a partires das súas capacidades.
d) A flexibilidade, evitando a excesiva rixidez no proceso de ensinanza aprendizaje, facilitando cantas adaptacións fosen necesarias co fin de consegui-los obxectivos propostos, pero vixilando estrictamente a temporalización, con vistas a cumplimenta-lo programa completo da materia. Para eso estableceránse as pautas de traballo docente necesario:
En horario extraescolar; Con supervisión directa do profesorado sobre o alumnado;
Distribuíndo o traballo en equipos ou grupos con funcións moi concretas;
delegando as funcións docentes de control en coordinadores ou coordinadoras de cada equipo ou grupo, que comuniquen puntualmente á docencia dos avances o problemas surxidos, .
e) A creatividade, mediante a inclusión de actividades (exercicios, traballos, prácticas, investigacións...) que estimulen o pensamento.
f) A socialización. Propiciarase un coñecemento vivencial da realidade cotiá a través dun:
* Contacto coa realidade cultural e as manifestacións artísticas musicais, mediante a asistencia a conciertos de todo tipo, así como a exposicións relacionadas co campo musical e co son en xeral, estudios de grabación, e todo o que poda gardar relación coa presencia social da música;

* Plantexamento basado no traballo de equipo, con actividades rexidas polo principio de participación en grupo.
g) A interdisciplinariedade. En todo momento se terá en conta:
A posibilidade de dotar ás programacións dun enfoque interdisciplinar, aproveitando os numerosos puntos de contacto co currículo das outras áreas;
A consideración dos contenidos transversais como posible elemento motivador que aúne actividades concretas como un posible centro de interese;
Que a música, polos seus elementos fisiolóxicos, afectivos e intelectuais, pode incidir notablemente na consecución dos obxectivos de etapa.
h) A globalización. É dicir, que a través do traballo duns incidese inmediatamente nos outros, formando unha unidade difícilmente separable en apartados. Ó realiza-la programación, partindo de determinados centros de interese, se terá en conta esa relación, basándose na actividade a través da execución vocal, instrumental ou de movemento.
Debido á situación sanitaria por mor da pandemia non superada do COVID 19 pode ser necesario adoptar ademáis da aprendizaxe presencial, unha aprendizaxe virtual a través da Aula virtual do Departamento , con múltiples actividades on line e sempre podendo recurrir individualmente ao correo dos profesores e de xeito grupal a través de plataformas coma Webex.

## CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS NA ESO

A materia de música contribúe de forma directa á adquisición da competencia cultural e artística : Conciencia e expresións culturais (CCEC), en todos os aspectos que a configuran. Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais, a través de experiencias perceptivas, expresivas e do coñecemento de músicas de diferentes culturas, épocas e estilos. Pode potenciar así, actitudes abertas e respectuosas e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto das distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico os que se circunscribe cada obra.

Colabora ao desenvolvemento da competencia de autonomía e iniciativa persoal : Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.(CSIEE) , mediante o traballo colaborativo e a habilidade para planificar e xestionar proxectos. A interpretación e a composición son dous claros exemplos de actividades que requiren dunha planificación previa e de toma de decisións para obter os resultados desexados. Por outra banda, naquelas actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, sendo estes factores clave para a adquisición desta competencia. Non pode esquecerse tampouco que a organización e realización de actividades musicais no centro escolar require a utilización de habilidades sociais para traballar en equipo co fin de levar a cabo un proxecto común: poñerse no lugar doutro, valorar as ideas dos demais, dialogar, negociar e traballar de forma cooperativa e flexible para un ben común.

A música contribúe tamén á competencia social e cidadá (CSC). A participación en actividades musicais e de movemento de distinta índole, especialmente as relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren dun traballo cooperativo colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. A participación en experiencias colectivas, musicais e de movemento dá a oportunidade de expresar ideas propias, valorar as dos demais e coordinar as súas propias accións coas doutros integrantes do grupo responsabilizándose na consecución dun resultado.

A toma de contacto cunha ampla variedade de músicas, tanto do pasado como do presente, favorece a comprensión de diferentes culturas e da súa contribución á sociedade en que vivimos, fomentando a valoración das distintas achegas e a percepción da progresiva fusión de estilos e culturas que se está a realizar nesta arte. A reflexión sobre a presenza incesante da música nas nosas vidas, sobre o uso que dela se fai na publicidade e noutros medios como elemento de manipulación emotiva, e sobre o seu papel na economía e na creación de novas profesións, desenvolve a valoración crítica e a comprensión da realidade.

A música tamén contribúe de xeito directo ao desenvolvemento do tratamento da información e da competencia dixital (CD). O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical, os distintos formatos de son e de audio dixital ou as técnicas de tratamento e gravación do son relacionados, entre outros, coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais

e multimedia. Favorece, así mesmo, o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de lecer.

Ademais a obtención de información musical require de destrezas relacionadas co tratamento da información aínda que desde esta materia, merece especial consideración o uso de produtos musicais e a súa relación coa distribución e os dereitos de autor.

A música tamén contribúe ao desenvolvemento da competencia para aprender a aprender (CAA), potenciando capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma como a atención, a concentración e a memoria, á vez que desenvolve o sentido da orde e da análise.

Respecto á competencia en comunicación lingüística ( CCL) , a música contribúe, do mesmo xeito que outras áreas, a enriquecer os intercambios comunicativos, e á adquisición e uso dun vocabulario musical básico. Tamén colabora coa integración da linguaxe musical e da linguaxe verbal e coa valoración do enriquecemento que a dita interacción xeral.

Desde o punto de vista da competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico a música realiza a súa achega á mellora da calidade do ambiente identificando e reflexionando sobre o exceso de ruído, a contaminación sonora e o uso indiscriminado da música, co fin de xerar hábitos saudables. Ao mesmo tempo os contidos relacionados co uso terapéutico da música ou co uso correcto da voz e do aparello respiratorio, non só para conseguir resultados musicais óptimos, senón tamén para previr problemas de saúde, inciden no desenvolvemento desta competencia.

A música contribúe á competencia matemática (CMCCT) poñendo en evidencia a necesidade do manexo de principios matemáticos para a comprensión dos elementos básicos da linguaxe musical: a relación entre as distintas figuras, o compás, o timbre ou as agrupacións dos sons en distintos tipos de escalas. Por outra parte non podemos esquecer a relación que teñen coas matemáticas e a física correntes musicais como a música aleatoria, algorítmica, a estocástica e a fractal.

## 2 ESO

## 1. Contidos

É o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos, en función das ensinanzas, das etapas educativas ou dos programas en que participe o alumnado.

A continuación móstranse os contidos, estructurados en catro bloques, segundo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Dada a situación pandémica actual, realizáronse as pertinentes modificacións para adaptar cada un destes bloques de contidos á modalidade adoptada en cada momento polo Centro (presencial ou non presencial). Estas alteracións reflíctense nos puntos 1.5 y 1.6.

### 1.1 BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN

1. Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical (n; ñ; m)
2. Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descuberta das posibilidades da voz como medio de expresión musical. (n; ñ; m)
3. Instrumentos e corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais. (n; ñ; m)
4. Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo. (n; ñ; m)
5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. (n; ñ; m)
6. Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e a interiorización da música. (n; ñ; m)

7. Grafías e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical. (n)
8. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación. (n; g)
9. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas. (n; g)
10. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/ás demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto. (a; b; d)
11. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. (a; b; d)
12. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión. (a; b; d)
13. Improvisación, elaboración de arranxos e composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e selección de distintos tipos de organización musical. (a; n)
14. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula. (a; n)
15. Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras. (g; n; d; ñ)
16 Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais. (g; n; d; ñ)

1.2 BLOQUE 2: ESCOITA

1. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada. (n; ñ)
2. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais. (n; ñ)
3. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais. (n; ñ)
4. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc. (n)
5. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita. (b; a)
6. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais. (h; n)
7. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora. (e; f; m)

1.3 BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS

1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria. (m; n)
2. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais. (m; n)
3. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais. (l; n)
4. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas. (l; n; ñ)
5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas. (l; n;)
6. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións. (h; e)
7. Música actual: novas tendencias; concertos en directo. (e; n; l)

1. 4 BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS

1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical. (e; n)
2. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais. (e; n)
3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical. (e; n)

4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais. (e; n)
5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas. (e; n)
6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela. (e; n)

1.5 MODALIDADE PRESENCIAL.

- No BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN, as alteracións son as seguintes:

Nos puntos relacionados coas prácticas vocais (2, 4 e 5) os contidos unicamente serán desenvolvidos no caso de poder impartir a materia nun espazo aberto ao ar libre ou que reúna as condicións necesarias para poder levar a cabo a actividade en condicións de seguridade.
Do mesmo xeito, as actividades relacionadas coas técnicas do movemento e da danza (punto 9) ou que supoñan traballo ou actividade grupal (10, 13 15 e 16) deberán realizarse, de ser o caso, en espazos que respecten as normas de distanciamento e seguridade dictadas polas autoridades sanitarias.
Para a interpretación instrumental empregaranse principalmente instrumentos considerados de baixo risco na propagación do COVID 19 e de fácil desinfección. Quedan excluidos deste grupo os instrumentos de vento.

- BLOQUES 2, 3 e 4. Os contidos reflectidos nestes bloques poderán ser desenvolvidos respectando en todo momento as indicacións e normas de seguridade establecidas polas autoridades sanitarias, polo que non será necesario, en principio, ningunha modificación.

1.6 MODALIDADE NON PRESENCIAL.

- BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN: En xeral, quedan exluidas neste bloque todas aquelas actividades que supoñan agrupamentos físicos de alumnado (4, 11).

- BLOQUES 2, 3 e 4. O desenvolvemento dos puntos contidos nestes bloques realizarase de xeito telemático, empregando as distintas plataformas e aplicacións dixitais. Evidentemente, está condicionado polos dispositivos dixitais dos que dispoña o alumnado.

## 2. Competencias clave

Son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

Comunicación lingüística (CCL).
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
Competencia dixital (CD).
Aprender a aprender (CAA).
Competencias sociais e cívicas (CSC).
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
Conciencia e expresións culturais (CCEC).

## 3. Estándares de aprendizaxe

Son as concrecións dos criterios de avaliación, e é por esa razón pola que se relacionan directamente con eles.
Permiten definir os resultados de aprendizaxe. Concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer. Serán observables, medibles e avaliables, e permitirán graduar o rendemento ou o logro alcanzado.
Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.
Especifícanse a continuación de cada punto as competencias ou capacidades implicadas.

En relación coas modificacións efectuadas nos contidos (apartados 1.5. e 1.6.), poderán ser necesarias alteracións e/ou supresión de algúns estándares de aprendizaxe, principalmente os reflectidos nos puntos 7, 8, 9, 11, 14, 15, 17 e 18 (BLOQUE 1), e nos puntos 1 e 5 (BLOQUE 3), dos estándares de aprendizaxe.

3.1 RESPECTO AO 1º BLOQUE : INTERPRETACIÓN E CREACIÓN

1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada. (CCEC; CCL)
2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. (CMCCT; CCEC)
3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias. (CMCCT; CCEC)
4. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). (CCEC)
5. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. (CAA; CCEC)
6. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías. (CAA; CCEC)
7. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. (CAA; CCEC)
8 . Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. (CCEC)
9. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. (CCEC)
10. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. (CCEC)
11. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. (CAA; CCEC )
12. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. (CAA; CCEC)
13. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. (CSIEE)
14. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. (CCEC)
15.Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. (CCEC)
16. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras. (CSC)
17. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. (CSC)
18. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. (CSIEE)

3.2 RESPECTO AO 2º BLOQUE: ESCOITA

1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces. (CCEC)
2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais. (CCEC)
3. Sigue partituras como apoio á audición. (CCEC)
4. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. (CSC)
5. Describe os elementos das obras musicais propostas. (CCL; CCEC)
6. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical. (CCEC)
7. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade. (CCL)
8. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música. (CSC)
9. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica. (CSIEE; CD)

3.3 RESPECTO AO 3º BLOQUE: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS

1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza. (CCEC)
2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade. (CCEC)
3. Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como ointe con capacidade selectiva. (CCEC)
4. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego (CCEC)
5. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. (CCEC)
6. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos. (CCEC)
7. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas. (CCEC; CSIEE)
8. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais (CCL)
9. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. (CCL)
10. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. (CD)
11. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. (CAA)

3. 4 RESPECTO AO 4º BLOQUE: MÚSICA E TECNOLOXÍAS

1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. (CD)
2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. (CD; CSIEE)
3. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. (CD)

## 4. Temporalización dos contidos

1º TRIMESTRE:

- Parámetros do son: altura, duración, intensidade e timbre.
- Elementos básicos da linguaxe musical. Figuras, silencios, compases.
- Ruido – son.
- O aparato fonador.
- A voz. Tipos de voces, distintas agrupacións e estilos.
- Interpretación instrumental: instrumentos de placas e pequena percusión.

2º TRIMESTRE:

- Os instrumentos. Diferencias tímbricas. Familias instrumentais. Instrumentos tradicionais. Agrupacións e orquestra sinfónica.
- Elementos dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma e dinámica.
- A tonalidade: modo maior e menor. Intervalos e escalas.
- Interpretación instrumental: instrumentos de placas e pequena percusión.
-

3º TRIMESTRE:

- Movemento e danza: danzas da súa contorna.
- Música actual.
- A forma musical: formas binarias, ternarias,
- Música nos medios de comunicación. Música no cine. Música na radio.
- Interpretación instrumental: instrumentos de placas e pequena percusión.

## 5. Grado mínimo para a consecución da materia

- Actitude respectuosa e positiva ao longo das actividades desenvolvidas en cada unidade.
- Participación activa nas aulas.
- Expresión escrita e oral correcta, razoada e intelixible.
- Utilizar correctamente a lectura e escritura musical como apoio para a interpretación.

- Distinguir mediante audicións os distintos tipos de voces.
- Distinguir visualmente e auditivamente os instrumentos da orquestra sinfónica e os tradicionais.
- Valorar o silencio como requisito previo para escoitar e interpretar música.- Coñecer os elementos básicos da linguaxe musical así como a súa representación escrita e aplicalos á análise de pezas musicais, utilizando a terminoloxía correcta.- Discriminar os elementos da música nas audicións así como a textura e os planos sonoros.
- Elaborar xuízos persoais considerando as diversas funcións que desempeña a música no entorno cotiá.- Apreciar a voz, o corpo e os instrumentos musicais como medios de expresión individual e colectiva.- Ser capaz de facer ditados melódicos de dificultade media: cinco sons e negras, corcheas e semicorcheas
- Interpretar con instrumentos de placas e percusión (tamén corporal) as pezas que se lles presenten ao longo do curso.
- Diferenciar unha escala maior dunha menor. Reproducir e interpretar ritmos traballados durante o curso.

## 6. Procedementos e instrumentos de avaliación

Probas

Escrita s

· Test
· Cuestionarios
· Comentarios de audiciones
· Mapas conceptuais
· Exercicios que obliguen o uso de conceptos
· Situacións que obliguen ó uso de procedementos
· Dictados musicais
- Emprego de aplicacións dixitais para reforzar de modo lúdico os contidos.

Non escritas

· Interpretación instrumental
· Exposición
· Entrevista persoal
· Cuestionario

Observación

Directa · Recollida de datos en diario de clase

Indirecta · Informes e opinións doutros profesores ou profesionais
· Entrevistas con pais e nais

Na modalidade non presencial, empregaranse os medios dixitais dispoñibles para desenvolver cada un dos puntos citados no apartado de Probas, tendo suprimido o punto “ Observación”.

## 7. Metodoloxía didáctica

É o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados. O enfoque metodolóxico deberá sustentarse nas referidas situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia.

Será variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.

1. As propostas pedagóxicas arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.

2. A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

3. Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.

4. Fixaranse as estratexias para alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliables previstos na materia de música así como a adquisición das competencias.

5. Se terá en conta a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Para iso se utilizarán mecanismos de reforzo tanto organizativos como curriculares que se porán en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe.

6. Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, e fomentarase a correcta expresión oral e escrita, as tecnoloxías da información e a comunicación, e a educación cívica e constitucional na materia.

7. Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicarase un tempo á lectura dentro das horas lectivas de música, ademáis das correspondentes ao proxecto lector desenvolvido no centro.

8. Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas .

9. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, se deseñaran actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

## 8. Materiais e recursos didácticos

Neste curso non se utiliza libro de texto oficial.
Todos os alumnos disporán dos apuntamentos na Plataforma Edixgal ou serán entregados polo profesor a través do correo electrónico.

Outros materiais: -

- Fichas de traballo nas plataformas virtuais.
- Papel pautado
- Ordenadores Edixgal dos alumnos.
- Reproductores sonoros e audiovisuais.
- Soportes sonoros e audiovisuais .
- Canón
- Musicogramas.
- Discografía
- Ipod
- Instrumental Orff (placas e pequena percusión)
- Pianos (un clavinova e outro teclado portátil para actuacións fora do centro)
- Batería eléctrica
- Ordenador
    - - Grupo de Whatsapp
    - - Correo electrónico
    - - Aplicacións dixitais variadas (Kahoot, Educaplay, etc.).
    - - Páxinas de aloxamento de vídeos (Vimeo, Youtube, etc).
    - - Videoconferencias

## 9. Criterios de avaliación

Son os referentes para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

9.1 RESPECTO AO 1º BLOQUE : INTERPRETACIÓN E CREACIÓN

1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.
2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).
3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.
4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.
5.Amosar interese polas actividades de composición e improvisación, e respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.

9.2 RESPECTO AO 2º BLOQUE: ESCOITA

Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións.
Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.
Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.
Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.
Identificar situacións do ámbito cotián nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizar as súas causas e propor solucións.

9.3 RESPECTO AO 3º BLOQUE: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS

Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas.
Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.
Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo.
Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou "falar de música”.
Amosar interese e actitude crítica pola música actual, os musicais, os concertos en vivo e as novas propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores.

9.4 RESPECTO AO 4º BLOQUE: MÚSICA E TECNOLOXÍAS

Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música.
Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.

9.5 MODALIDADE PRESENCIAL.

- BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN. Os criterios de avaliación reflectidos nos puntos 4, 5 e 6 do BLOQUE 1 aplicaranse esencialmente á compoñente individual da referida actividade, dado que o traballo colectivo e a interacción entre o alumnado está condicionado pola actual situación pandémica e é desaconsellado polas autoridades sanitarias.

9.6 MODALIDADE NON PRESENCIAL

- BLOQUE 1: Os criterios de avaliación reflectidos nos puntos 4, 5 e 6 do BLOQUE 1 aplicaranse exclusivamente á compoñente individual da referida actividade, dado que o traballo colectivo e interacción entre o

alumnado está condicionado pola actual situación pandémica e é desaconsellado polas autoridades sanitarias.

- BLOQUES 2, 3 e 4. O desenvolvemento dos puntos contidos nestes bloques efectuarase de xeito telemático, empregando as diversas plataformas dixitais dispoñibles. O normal desenvolvemento está condicionado polos dispositivos dixitais dos que dispoña o alumnado.

## 10. Criterios de promoción

A promoción dos alumnos de música en 2º ESO virá dado polo cumplimento e acadar positivamente os contidos mínimos expostos na presente programación así como ser avaliado positivamente nos procedementos de práctica instrumental.

## 11. Criterios de calificación e cuantificación na avaliación

Para a promoción ao curso seguinte o alumno terá que ter acadados os contidos mínimos da asignatura.

11.1 MODALIDADE PRESENCIAL

- As probas escritas de coñecementos puntuaranse de 0 a 10. De realizarse varias probas nunha avaliación a nota que se considerará será a media aritmética de todas. O peso desta nota no conxunto da nota da avaliación é do 60%.

- A realización de tarefas, traballos e actividades, cando o profesor así o sinale, terá un peso na nota final da avaliación do 40%. A nota deste apartado resultará da media resultante da realización das distintas tarefas. Neste apartado inclúese a interpretación instrumental.

- Poderanse programar actividades de participación voluntaria (presentacións multimedia, construcción de instrumentos, interpretación de pezas significativas, etc.), que serán puntuadas de 0 a 1 puntos dependendo da calidade. En cada avaliación,a nota acadada por este apartado sumarase á nota da final de avaliación.

- A participación nas clases puntuará 0,25 puntos cando así o considere o profesorado.

- A actitude na aula (cumprimento das normas de clase, atención ás explicacións do profesor,etc.), poderá sumar ou restar ata un punto. Cada negativo por non traer material e por falta de puntualidade restará 0,25 na nota final da avaliación.

11.2 MODALIDADE NON PRESENCIAL.

- A realización de tarefas, traballos e actividades, cando o profesor cando así o sinale, terá un peso na nota final da avaliación do 70%. A nota deste apartado resultará da media resultante da realización das distintas tarefas. Neste apartado inclúese a interpretación instrumental.

- Realizaranse cuestionarios e/ou probas de coñecemento, as cales serán puntuadas de 0 a 10. De efectuarse varias probas nunha avaliación a nota que se considerará será a media aritmética de todas. O peso desta nota no conxunto da nota da avaliación é do 30%.

- Poderanse programar actividades de participación voluntaria (presentacións multimedia, construcción de instrumentos, interpretación de pezas significativas, etc.), que serán puntuadas de 0 a 1 puntos dependendo da calidade. En cada avaliación,a nota acadada por este apartado sumarase á nota da final de avaliación.

- Tanto as actividades como as probas de coñecemento desenvolveranse de xeito telemático. As eventuais interpretacións instrumentais por parte do alumnado serán recollidas preferentemente por formato de vídeo en detrimento do formato de audio.

## 13. Proba extraordinaria de xuño

Se o alumno está suspenso na avaliación ordinaria ( entre o 6 ao 9 de xuño) , terá dereito á avaliación extraordinaria de xuño ( entre o 20 ao 22 de xuño)
Con vistas a realizar a proba extraordinaria de xuño, se lles entregará material para preparala, tanto na parte teórica (a través dun caderno de actividades que terán que presentar o día do exame) como práctica (percusión de ritmos ou tocar unha peza que non sea con instrumento de vento).
Se non fora posible a asistencia presencial no centro, terán que enviar o caderniño ao profesor de música a través do correo que se lles facilitaría na páxina do Instituto.
E realizar unha gravación da peza que lle propoña o profesor e que enviará ao mesmo correo o dia do exame.
A nota máxima no exame extraordinario de xuño non superará o "6".

## 2º ESO AFONDAMENTO

## Introducción

No curso académico 2021/22 impártese por primeira vez a materia de Afondamento de música para os alumnos de 2º de Secundaria no IES San Paio
A práctica da música en nesta materia durante o período de estudios de secundaria responde á actividades de **conxunto instrumental** coma un conxunto de necesidades educativas do alumnado de música. Cumpre unha función decisiva no desenvolvemento do oído musical en tódolos seus aspectos, é o medio idóneo para desenvolver o sentido da afinación. Estimula a capacidade imprescindible para toda persoa, para escoitar aos outros instrumentos mentres se toca o propio e para desenvolver o sentido da "sonoridade do conxunto". A interacción entre diversos intérpretes contribúe ao desenvolvemento da sensibilidade en materia de dinámica, fraseo, ritmo e vibrato. Obriga aos alumnos que a practican a desenvolver hábitos de autodisciplina e método extremadamente beneficiosos tales, como a homoxeneización da articulación e á súa vez que permiten o contraste do intrumento propio con outros de diferente natureza. Dende un punto de vista artístico, a práctica musical é imprescindible para a maduración musical no terreo da expresividade e emotividade. Á súa vez o intercambio de ideas e a confrontación entre diversos puntos de vista interpretativos resulta educativa, e estimulante para un intérprete en período de formación xa que colabora a desenvolver a capacidade analítica e fomenta que a interpretación responda a unha idea musical e transcenda o nivel de mera lectura. Así mesmo, a práctica e o estudo do repertorio de conxunto supón un paso decisivo no coñecemento da literatura musical e a súa evolución estilística a través dos diferentes períodos da historia da música.
A práctica indistinta de grupo ten por finalidade facilitar a participación, a través de distintas formacións, de todo o alumnado ao procurarse unha organización máis flexible do ensino.
Por unha banda, esta participación en agrupacións permitirá que determinados instrumentos con dificultades de integración teñan o marco adecuado para a práctica instrumental colectiva, e por outra, supón e garante a presenza activa dos alumnos e das alumnas nunha das actividades implican maior proxección do centro na sociedade. As tradicionais asociacións de instrumentos darán paso a un repertorio que alberga un complexo armazón de interrelacións instrumentais sen perder a unidade de criterio e a igualdade da execución que han de ser as principais metas a alcanzar. O alumno e a alumna, como noutras agrupacións, deberá incrementar a actitude de escoita de todo aquilo que rodea a propia execución unipersonal en aras a conseguir aspectos inherentes a toda boa interpretación na agrupación: afinación, empaste, homoxeneidade no fraseo, igualdade nos ataques, claridade nas texturas, etc., adquirindo progresivamente, unha serie de habilidades e hábitos acordes co seu papel no grupo que estará condicionado ao repertorio do seu instrumento. No caso de instrumentos cunha literatura escasa ou con dificultades de inserción, o conxunto supón a posibilidade de penetrarse nas obras máis relevantes que lle son propias ao instrumento co que iso implica de enriquecemento na formación musical do alumno e da alumna.
O conxunto propiciará a responsabilidade compartida. Por unha banda, as relacións humanas entre os alumnos e as alumnas, afeitos á práctica instrumental individual levarán, como membros dun corpo colectivo, todo un exercicio de adaptación ao grupo e de aceptación doutros instrumentistas. Por outra, a práctica en grupo motivará a actitude de escoita, propiciará a memoria de pasaxes instrumentais, fomentará o estudo individual que ha de reverter no grupo e incentivará unha actitude de disciplina dificilmente abordable en aúidades individuais.
Seguindo a normativa vixente a materia desenvolverase de maneira colectiva en unha sesión semanal de cincuenta minutos.

## Metodoloxía

Na materia de Afondamento- Conxunto preténdese utilizar unha metodoloxía creativa, activa, participativa, variada e flexible. Servirá de reforzo á asignatura de Música 2º ESO .
Así mesmo, e dadas as circunstancias de gran variedade que poidan xurdir na formación dos distintos grupos, tratarase de partir da realidade dos alumnos e alumnas, tendo en conta o nivel, os coñecementos, destrezas e intereses que posúen, así como a potencialidade de cada un deles. Dentro dun mesmo grupo pódense recibir alumnos/as de distintas especialidades instrumentais, diferente nivel técnico e musical, de distintas idades e con distinto grao de madurez e intereses.
Tratarase de aproveitar esta diversidade. É dicir, para tratar a esta diversidade, tratando de completar, na medida do posible as súas necesidades, realizaranse e deseñarán as seguintes tarefas ou actividades:
A grandes rasgos, as técnicas empreqadas na ensinanza grupal para a preparación dunha obra son as seguintes: Presentación da obra e descrición das súas partes, o seu autor, estilo e posibles dificultades. A obra proponse como material de traballo e fíxase un período de tempo non moi longo para o seu estudo. Eventualmente realizarase unha lectura a primeira vista. Posteriormente noutras sesións de clase celebraranse audicións da obra ou fragmento estudiado para comentar aspectos da mesma, e posibles correccións. En cada sesión comprobarase si se traballaron as correccións da sesión anterior. O proceso continúa ata lograr o Obxectivos principais.
Entre as medidas adicionais poderíamos adoptar algunha das seguintes:
Elección dun repertorio axeitado ao nivel do grupo.
Posibilidade de cambio de agrupación.
Reforzos individuais.
Interacción co profesor-titor.
Adaptación de materiais.

## Obxectivos

Ademáis dos recollidos na programación respecto aos obxectivos de Música na ESO, o obxectivo principal na materia de Afondamento 2º ESO é a interpretación correcta da obra na aula e a súa posible interpretación en público.

## Contidos

- Coñecemento das características e posibilidades sonoras dos diferentes instrumentos que conforman o grupo.
- Lectura a primeira vista das obras propostas polo profesor e consensuadas co alumnado.
- Adquisición do hábito de leer a primeira vista dun xeito fluído.
- Coñecemento das diferentes convencións interpretativas en cada época.
- Análise melódico, rítmico e estilístico das obras a interpretar dun xeito sinxelo.
- Audicións comparadas de diversos intérpretes, se fose posible, para analizar de xeito crítico as características das diferentes versións.
- Adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada.
- Coñecemento das diferentes convencións interpretativas vixentes en cada época.
- Comunicación visual e xestual.
- Uso da respiración para sinalar o comenzo das frases.
- Estudo e práctica dos xestos para tocar sen director.
- Diferenciación dos roles de cada membro do grupo para actuar como responsable do mesmo.
- Desenvolvemento do sentido da responsabilidade como membro dun grupo.
- Valoración do papel de cada membro dentro do grupo e o respecto pola interpretación musical.
- Resolución dos diversos problemas técnicos derivados da interpretación das obras.
- Traballo gradual do repertorio mais salientable da agrupación correspondente.
- Desenvolvemento da memoria.
- Memorización dunha parte do repertorio.
- Traballo da concentración.
- Coñecemento e aplicación do protocolo escénico.
- Control do medo escénico.
- Actitude de respecto cara os demais compañeiros nas súas actuacións públicas.

- Improvisación libre e empleando algún tipo de patrón en diferentes tonalidades, xogos de preguntas/respostas, canons.
- Traballo da improvisación sobre "ideas musicais": texturas, esquemas, progresións, descrición sonora.
- Intercambio de ideas e confrontación de diversos puntos de vista.

## Criterios de avaliación

- Demostrar un dominio na execución de obras en grupo. Este criterio avalía a capacidade de relación dos coñecementos técnicos e teóricos necesarios para acadar unha interpretación adecuada.
- Demostrar unha capacidade progresiva na improvisación e creatividade sobre o instrumento. Con este criterio avalíase a competencia progresiva que adquire o alumno e a súa desenvoltura para abordar a improvisación no instrumento, aplicando os coñecementos adquiridos.
- Interpretación pública correcta do repertorio programado ao longo do curso.A asistencia ás clases será toda en conta xa que polas peculiares características desta materia as faltas de asistencia e a untualidade cobran unha singular importancia e deben ser tratadas con especial atención.
- Cando un alumno perda o dereito á Avaliación Contínua polas súas reiteradas faltas de asistencia non será dereito á adición de más puntuación na materia de música 2º ESO.
- Aplicarase o principio de avaliación continua, fundamentada no seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe durante todo o curso e a adición de máis puntuación só se executará na nota final de curso .
- Os procedementos e instrumentos que se empregarán na avaliación do aprendizaxe dos alumnos/as levaranse a cabo a través da observación sistemática do traballo do alumno/a e a consecución aceptable, óptima ou excelente dos obxetcivos propostos.
-

## Criterios de calificación e cuantificación

Esta asignatura será avaliada entre 0-1 punto , que será engadido, baixo consenso co profesor Oscar Iglesias Vázquez , á nota final do curso 2º ESO.
Ademáis das actividades propostas, se valorará especialmente a actitude, o respeto á diversidade do grupo e aos diferentes gustos musicais de cada membro do grupo.

* 0 puntos se o alumno non asiste a clase, non cada os obxectivos ou non se implica en absoluto nas actividades de clase, sen respeto aos compañeiros nin ao espíritu de grupo
* 0,25 puntos se asiste a clase, acada aceptablemente os obxectivos, e se implica nas actividades con nivel aceptable, respeta aos seus compañeiros e contribúe aceptablemente ao traballo de grupo, pero sempre baixo continuo requerimento do profesor.
* 0,75 puntos se asiste a clase, acada óptimamente os obxectivos propostos, e desenvolve con autonomía tódalas actividades propostas cun rendemento óptimo respetando aos seus compañeiros e contribuíndo optimamente ao traballo de grupo sen necesitar máis que as instruccións iniciais do profesor.
* 1 punto se asiste a clase, acada de xeito excelente os obxectivos propostos e desenvolve con total autonomía tódalas actividades propostas cun rendemento excelente, respetando sempre aos seus compañeiros e contribúindo excelentemente ao traballo de grupo aportando ideas de seu e sen necesitar máis que as instruccións iniciais do profesor.

## Temas transversais

Educación en valores:
Tódalas materias instrumentais/vocais grupais levarán consigo todo un exercicio de adaptación ao grupo e de aceptación doutros instrumentistas, fomentando as relacións humanas entre os alumnos/as . O traballo en grupo estimula capacidades múltiples de comunicación, coñecemento mutuo, colaboración, identidade pesoal e autoestima o que constitúe unha técnica recomendable en temas de convivencia, igualdade de xénero e na prevención da violencia
Nesta programación os temas transversais tratados son básicamente actitudinais que van influir na conducta do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o desenvolvemento integral e persoal como para o desenvolvemento dunha sociedade libre, democrática, respetuosa co medio e tolerante.
A educación en valores traballase de forma continua ao longo de todo o proceso do ensino , pero cunha maior intensidade nas materias grupais instrumenais ou vocais xa que educamos para a convivencia os valores sociais a igualdade de oportunidades de ambos sexos a comprensión e respeto nas relacións interpersonais
As actividades a desenvolver son as seguintes:

Prácticas que favorezan as habilidades sociais coloquios que promovan o respecto aos demáis participación nas actividades propostas departamento (festival de Nadal, Letras Galegas, etc.) calquera outra actividade que poda xurdir ao longo do curso académico

Educación para a paz e a cooperación internacional

A tolerancia fronte a distintos estilos e expresións musicais tanto da súa cultura coma de outras culturas forma parte tamén do modo que ten a música de educar ó alumno para a convivencia. Ademáis, deben aprender a respetarse uns a outros. A solidaridades a tolerancia, o respeto, o fomento da autoestima ou o respeto son valores implícitos nas unidades.

Educación moral e cívica

Participar en tarefas comúns, mostrando actitudes de colaboración e respeto polas opinións e propostas aleas, ademáis do respeto a un mesmo, coa aceptación das sús propias capacidades e limitaciones. A través do traballo en grupo propiciase unha actitude de colaboración e respeto ante os demáis.

Educación para a iqualdade entre os sexos

Desenvolver la autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade. Traballase a través de actividades iguais para os alumnos/as, sin ningún tipo de discriminación. Analizar críticamente a realidade e correxir prexuicios sexistas e as súas manifestacións na linguaxes.

Educación ambiental

A través da adquisición de experiencias e coñecementos que permitan comprender os principales problemas ambientais, desenvolvendo o interese polo medio. Crear hábitos individuais de protección do medio. Fomentar o rexeitamento ó ruído indiscriminado e á contaminación sonora. Invitar á valoración do silencio e a beleza dos son da natureza.

Educación para a saúde

Proporcionar un contexto axeitado para realizar unha valoración crítica de determinados hábitos relacionados coa saúde. Coincidindo co proceso de muda da voz a educación musical contribúe á aceptación dos cambios e de posibilidades da propia voz, así como á hixiene vocal (problemas do tabaco), o control da respiración.. A través da instrumental, vocal e movernento, coñecen o seu corpo e as súas posibilidades.

Educación para o consumidor

Crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade. Trátase de que os alumnos desenvolvan unha actitude crítica ante o consumo de música, non deixándose levar polos intereses comerciaiss e as modas. Que recoñezann e valoren a música de calidade. Pódese analizar o mercado publicitario, o pirateo.

Educación para o ocio

Inculcar ó alumnado o sentido do ocio e a importancia do tempo libre como tempo aproveitable, con actividades lúdicomusicais extraescolares e a práctica instrumental ou vocal.

Tratamento das tecnoloxías da información e a comunicación (TICs).

O uso do ordenador na aula dende un punto de vista didáctico, pasa polo uso do denominado software, xa que este complementa as actividades a realizar e é un instrumento que axuda para a consecución dos seguintes obxectivos:

Instruir: xa que orienta o aprendizaxe dos alumnos/as

Motivar porque os alumnos/as séntense atraídos por estos materiais

Investigar: os alumnos/as poden ter acceso a informacións e gravacións

Crear: Os alumnos/as desenvolven a observación, percepción e sensibilidade.

## Recursos didácticos

Debido ó carácter eminentemente práctico da materia, a nosa aula dispón do seguinte material:

-Equipo de música e de vídeo.

- Pantalla interactiva
-  Instrumental ORFF.  Tamén outros instrumentos como o piano e guitarras.
-  -Partituras en papel. Papel pautado .

-Audicións necesarias .

- En canto á organización do espacio, a materia de Afondamento necesita ser impartida nunha aula propia.

## 3º  ESO

## 1. Contidos

Son o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas,

que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos, en función das ensinanzas, das etapas educativas ou dos programas en que participe o alumnado.

A continuación móstranse os contidos, estruturados en catro bloques, segudo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Dada a situación pandémica actual, realizáronse as pertinentes modificacións para adaptar cada un destes bloques de contidos á modalidade adoptada en cada momento polo Centro (presencial ou non presencial). Estas alteracións reflíctense nos puntos 1.5 y 1.6.

## 1.1 BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN

1. Repaso dos elementos da representación gráfica da música. ( n)
Textura.(n; b)
2. Procedementos compositivos e formas de organización musical.(n; b)
3. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas. (m;c;d)
4. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.(m;c;d)
5. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.(m;c;d)
6. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.(m;c;d)
7. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.(m;c;d)
8. Fomento da sensibilidade estética desenvolvida a través da comprensión e interiorización da música. (m;c;d)
9. Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula ( a; n)
10. Práctica, creación, memorización e interpretación de pezas musicais en grupo, aprendidas a través da lectura de partituras con diversas formas de notación. (a; c; d; g; ñ)
11. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.(a; c; d; g; ñ)
12. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación. ( n;b;e)

## 1.2 BLOQUE 2: ESCOITA

1. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos e das agrupacións vocais e instrumentais. (m;n)
2. Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada. (b;n)
3. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.(b;n)
4. Aplicación de estratexias de atención, audición interior, memoria comprensiva e anticipación durante a interpretación e a creación musical. (b;n)
5. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e as composicións realizadas na aula. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias musicais. (l; n; g)
6. Música en vivo: concertos e outras manifestacións musicais, da propia cultura musical e de outras. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita. (l; n; g)
7. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc. (h;e)
8. Valoración da audición como forma de comunicación e como fonte de coñecemento e enriquecemento intercultural. (h;e)

## 1.3 BLOQUE 3: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS

1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria. (n;f)
2. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais. (n;f)

3. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas. ( l;n;ñ)
4. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela. ( l;n;ñ)
5. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas. (b;f;ñ)
6. Épocas da historia da música: características principais, autores/as significativos/as, audicións con apoio de partitura e interpretación de pezas ou fragmentos das distintas épocas. (n)
7. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións. ( h;n;g)
8. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical ao longo da historia.( e;n;g)

1.4 BLOQUE 4: MÚSICA E TECNOLOXÍAS

1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical. (e;n)
2. Aplicación de diferentes técnicas de gravación para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais. (e;n)
3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical. (e;n)
4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e na gravación de pezas musicais. (e;n)
5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas. (e;b)

1.5 MODALIDADE PRESENCIAL.

- No BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN, as alteracións son as seguintes:

Nos puntos relacionados coas prácticas vocais (4) os contidos unicamente serán desenvolvidos no caso de poder impartir a materia nun espazo aberto ao ar libre ou que reúna as condicións necesarias para poder levar a cabo a actividade en condicións de seguridade.
Do mesmo xeito, as actividades relacionadas coas técnicas do movemento e da danza (punto 3) ou que supoñan traballo ou actividade grupal (5,9,10,11) deberán realizarse, de ser o caso, en espazos que respecten as normas de distanciamento e seguridade dictadas polas autoridades sanitarias.
Para a interpretación instrumental empregaranse principalmente instrumentos considerados de baixo risco na propagación do COVID 19 e de fácil desinfección. Quedan excluidos deste grupo os instrumentos de vento.

- BLOQUES 2, 3 e 4. Os contidos reflectidos nestes bloques poderán ser desenvolvidos respectando en todo momento as indicacións e normas de seguridade establecidas polas autoridades sanitarias, polo que non será necesario, en principio, ningunha modificación.

1.6 MODALIDADE NON PRESENCIAL.

- BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN: En xeral, quedan exluidas neste bloque todas aquelas actividades que supoñan agrupamentos físicos de alumnado ( 3,4,5,9,10,11), pero poderán ser desenvolvidas individualmente.

- BLOQUES 2, 3 e 4. O desenvolvemento dos puntos contidos nestes bloques realizarase de xeito telemático, empregando as distintas plataformas e aplicacións dixitais. Evidentemente, está condicionado polos dispositivos dixitais dos que dispoña o alumnado.

## 2. Competencias clave

Son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

Comunicación lingüística (CCL).
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).
Competencias sociais e cívicas (CSC).
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
Conciencia e expresións culturais (CCEC).

## 3. Estándares de aprendizaxe

Son as concreción dos criterios de avaliación, e é por esa razón pola que se relacionan directamente con eles.
Permiten definir os resultados de aprendizaxe. Concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer. Serán observables, medibles e avaliables, e permitirán graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.
Se especificará a continuación de cada punto as competencias o capacidades implicadas.
En relación coas modificacións efectuadas nos contidos (apartados 1.5. e 1.6.), poderán ser necesarias alteracións e/ou supresión de algúns estándares de aprendizaxe, principalmente os reflectidos nos puntos 4, 5,6,8, 11,12, 15 (BLOQUE 1), e nos puntos 2 e 9 (BLOQUE 3), dos estándares de aprendizaxe.

3.1 RESPECTO AO 1º BLOQUE: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN

1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). ( CCEC)
2. Recoñece, comprende e analiza tipos de textura. ( CCEC; CAA)
3. Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais. (CCEC)
4. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. ( CAA; CCEC)
5. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. ( CCEC)
6. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. (CCEC)
7. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. ( CCEC)
8. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. (CCEC; CAA)
9. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. ( CAA; CCEC)
10. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. ( CSIEE)
11. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.( CCEC; CSIEE)
12. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. ( CCEC)
13. Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as. (CSC)
14. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. (CSC; CSIEE)
15. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.( CSIEE; CAA)
16. Amosa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas. ( CCEC)
17. Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros. ( CD; CAA)

3.2 RESPECTO AO 2º BLOQUE: ESCOITA

1. Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música.( CCEC; CAA)
2. Le e analiza partituras como apoio á audición. ( CCEC)
Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. ( CSC)

3. Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas. ( CAA)
4. Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas. ( CCEC; CSC)
5. Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes. ( CCEC)
6. Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical. ( CAA)
7. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.( CCL)

3.3 RESPECTO AO 3º BLOQUE: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS

1. Expresa contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música e con outras disciplinas. ( CCEC; CCL)
2. Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen. ( CCEC)
3. Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia. ( CCEC; CCL)
4. Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición. ( CCEC; CAA)
5. Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes. (CCEC; CAA)
6. Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais. ( CCEC; CSC)
7. Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade. ( CCEC; CCL)
8. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais. ( CCL)
9. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. ( CCL)
10. Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. ( CD)
11. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. ( CAA)

3.4 RESPECTO AO 4º BLOQUE: MÚSICA E TECNOLOXÍAS

1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. ( CD; CCEC)
2. Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. ( CSC; CSIEE)
3. Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. (CD; CAA)

## 4. Temporalización dos contidos

1º TRIMESTRE

As antigas civilizacións: Grecia e Roma
Idade Media. Contexto socio-cultural. Características da música medieval. A Monodia e comezo da polifonía. Música relixiosa: Canto Gregoriano. Música profana: Trovadores. Troveiros. Xograres. Goliardos. Cantigas de Santa María. Movemento trovadoresco y xograresco na comunidade galega. Danzas medievais. Instrumentos musicais. Audicións.
O Renacemento. Contexto socio-cultural. Características da música renacentista. A polifonía. Compositores máis destacados. Instrumentos musicais. Audicións.
Práctica instrumental de pezas da Idade Media e do Renacemento.
Repaso linguaxe musical: elementos básicos. A síncopa. O contratempo. A ligadura. O puntillo. Combinacións con semicorcheas.
A escala. Graos. Funcións.
Concepto de Tono e semitono.
As texturas musicais: Homorrítmia; Polifonía Homofónica; Polifonía Contrapuntística; Melodía acompañada.
Improvisación melódica e rítmica

Dictados melódicos e rítmicos.
Polirrítmias sobre elementos rítmicos traballados.
A música no teatro e noutros espectáculos e producción audiovisuais.

2º TRIMESTRE

O Barroco. Contexto socio-cultural. Características da música Barroca. Movementos e compositores máis destacados. A orquestra barroca. Formas musicais vocais e instrumentais Barrocas. O concerto Grosso . O concerto solista. A sonata Barroca. A fuga. A ópera barroca. Instrumentos musicais. Audicións.
O Clasicismo. Contexto socio-cultural. Características da música Clásica. Movementos e compositores máis destacados. A orquestra clásica. Formas musicais vocais e instrumentais Clásicas. Sonata. Sinfonía. Concerto solista. A ópera clásica.Instrumentos musicais. Audicións.
A tonalidade: Escalas maiores e menores.
As alteración propias e accidentais.
Clave de Fa en 4ª liña.
A forma musical. Binaria . Ternaria. Rondó.
A forma sonata clásica. A sinfonía. O concerto
Procedementos compositivos: Repetición ( O ostinato); A Imitación ( Canon; Invención; Fuga)
O Baixo Alberti
O silencio de semicorchea . Diferentes ritmos con semicorcheas e silencios.
O compás de 6/8
Cadencias
Adornos musicais ( apoiatura; Trino; mordente)
A música na publicidade, na radio e na TV

3º TRIMESTRE

A música no século XIX. O romanticismo. Os Nacionalismos. Contexto socio-cultural. Características da música do século XIX. A orquestra do século XIX. Movementos e compositores máis destacados. Grandes e pequenas formas musicais. O lied. A ópera. Instrumentos musicais. Audicións.
A música no século XX. Contexto socio-cultural. Características da música do século XX. Os movementos de vanguarda musical na primeira metade do século: Impresionismo; Expresionismo; Atonalismo; Dodecafonismo; Neoclasicismo) Os movementos de vanguarda musical na segunda metade do século: A orquestra do século XX. Movementos e compositores máis destacados. Grandes e pequenas formas musicais. Instrumentos musicais. Audicións.
Os intervalos. Os acordes. Inversión de acordes.
O dosillo e o tresillo
Linguaxe musical: Ritmos en compases de subdivisión ternaria. Ritmos en compases de subdivisión binaria con combinación de corchea con puntillo e semicorchea.
A música no cine.
O ballet no século XX

## 5. Grado mínimo para a consecución da materia

Ubicación cronolóxica de obras de diferentes épocas da historia .
Ubicación de instrumentos e grupos instrumentais de diferentes épocas da historia.
Interpretación instrumental de fragmentos musicais que inclúan elementos básicos da linguaxe musical.Recoñecemento en partitura de elementos básicos da linguaxe musical.
Escritura improvisada de fragmentos que inclúan elementos básicos da linguaxe musical.
As texturas musicais: Homorrítmia; Polifonía Homofónica; Polifonía Contrapuntística; Melodía acompañada.
A tonalidade: Escalas maiores e menores.
As alteración propias e accidentais.
Clave de Fa en 4ª liña.
A forma musical. Binaria . Ternaria. Rondó. Sonata
Formas instrumentais: Concerto. Sinfonía

## 6. Procedimientos e instrumentos de avaliación

Probas
Escrita · Test
· Cuestionario
· Comentario de audiciones
· Mapas conceptuais
· Exercicios que obliguen o uso de conceptos
· Situacións que obliguen ó uso de procedementos
· Dictado musical

Oral · Interpretación instrumental
· Interpretación vocal
· Exposición
· Debate
· Entrevista persoal
· Cuestionario

Observación
Directa · Recollida de datos en diario de clase
Indirecta · Informes e opinións doutros profesores ou profesionais
· Entrevistas con pais e nais
Na modalidade non presencial, empregaranse os medios dixitais dispoñibles para desenvolver cada un dos puntos citados no apartado de Probas, sendo suprimido o punto " Observación".

## 7. Metodoloxía didáctica

É o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.
O enfoque metodolóxico deberá sustentarse nas referidas situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia.

Será variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.

1. As propostas pedagóxicas arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.

2. A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favo- recendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

3. Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfo- que multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.

4. Fixaranse as estratexias para alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliables previstos na materia de música así como a adquisición das competencias.

5. Se terá en conta a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Para iso se utilizarán mecanismos de reforzo tanto organizativos como curriculares que se porán en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe.

6. Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das compe- tencias, e fomentarase a correcta expresión oral e escrita, as tecnoloxías da información e a comunicación, e a educación cívica e constitucional na materia.

7. Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedi- carase un tempo á lectura dentro das horas lectivas de música, ademáis das correspondentes ao proxecto lector desenvolvido no centro.

8. Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunica- ción na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas .

9. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currí- culo, se deseñaran actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alum- nado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

## 8. Materiais e recursos didácticos

Neste curso non se utiliza libro de texto oficial.
Todos os alumnos disporán dos apuntes e material necesario na Aula Virtual do propio Centro.

Outros materiais: -

- fichas de traballo na aula virtual
- papel pautado
-Reproductores sonoros e audiovisuais .
-Soportes sonoros e audiovisuais .
- Ordenador Edixgal para cada un dos alumnos.
- Canón
-Musicogramas.
-Discografía
-Ipod
-Instrumental Orff ( placas e pequena percusión)
-Pianos( un clavinova e outro teclado portátil para actuacións fora do centro), frautas...
-Batería eléctrica
- Ordenador
    - - Grupo de Whatsapp
    - - Correo electrónico
    - - Aplicacións dixitais variadas (Kahoot, Educaplay, etc.).
    - - Páxinas de aloxamento de vídeos (Vimeo, Youtube, etc).
    - - Videoconferencias

Todos os alumnos disporán dos apuntamentos na Plataforma Edixgal ou serán entregados polo profesor a través do correo electrónico.

## 9. Criterios de avaliación

Son os referentes para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

9.1 RESPECTO AO 1º BLOQUE: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN

1. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).
2. Analizar e comprender o concepto de textura e recoñecer, a través da audición e a lectura de partituras, os tipos de textura.
3. Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical.
4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo, e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.
5. Amosar interese polas actividades de composición, e improvisación e amosar respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.
7. Explorar as posibilidades de distintas fontes e obxectos sonoros.

9.2 RESPECTO AO 2º BLOQUE: ESCOITA

1. Identificar e describir os instrumentos e voces e as súas agrupacións.
2. Ler e analizar distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.
3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.
4. Recoñecer auditivamente e determinar a época ou a cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias.
5. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación e variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.

9.3 RESPECTO AO 3º BLOQUE: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS

1. Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas.
2. Demostrar interese por coñecer músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.
3. Relacionar as cuestións técnicas aprendidas coas características das épocas da historia musical.
4. Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música.
5. Valorar a asimilación e empregar algúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou falar de música.
6. Amosar interese e actitude crítica pola música, os concertos en vivo e as propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores ao longo da historia.

9.4 RESPECTO AO 4º BLOQUE: MÚSICA E TECNOLOXÍAS

1. Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.

9.5 MODALIDADE PRESENCIAL.

- BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN. Os criterios de avaliación reflectidos nos puntos 4,5 e 6 do BLOQUE 1 aplicaranse esencialmente á compoñente individual da referida actividade, dado que o traballo colectivo e a interacción entre o alumnado está condicionado pola actual situación pandémica e é desaconsellado polas autoridades sanitarias.

9.6 MODALIDADE NON PRESENCIAL

- BLOQUE 1: Os criterios de avaliación reflectidos nos puntos 4,5 e 6 do BLOQUE 1 aplicaranse exclusivamente á compoñente individual da referida actividade, dado que o traballo colectivo e interacción entre o alumnado está condicionado pola actual situación pandémica e é desaconsellado polas autoridades sanitarias.

- BLOQUES 2, 3 e 4. O desenvolvemento dos puntos contidos nestes bloques efectuarase de xeito telemático, empregando as diversas plataformas dixitais dispoñibles. O normal desenvolvemento está condicionado polos dispositivos dixitais dos que dispoña o alumnado.

## 10. Criterios de promoción

A promoción dos alumnos de música en 3º ESO virá dado polo cumplimento e acadar positivamente logros que o alumnado alcance ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

## 11. Criterios de calificación e cuantificación na promoción

Permiten  avaliar tanto os resultados da materia como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.
Para a promoción ao curso seguinte o alumno terá que ter acadados os estándares de aprendizaxes e a adquisición das competencias

11.1 MODALIDADE  PRESENCIAL

- As probas escritas de coñecementos puntuaranse de 0 a 10. De realizarse varias probas nunha avaliación a nota que se considerará será a media aritmética de todas. O peso desta nota no conxunto da nota da avaliación é do 60%.

- A realización de tarefas, traballos e actividades, cando o profesor así o sinale, terá un peso na nota final da avaliación do 40%. A nota deste apartado resultará da media resultante da realización das distintas tarefas. Neste apartado inclúese a interpretación instrumental.

- Poderanse programar actividades de participación voluntaria (presentacións multimedia, construcción de instrumentos, interpretación de pezas significativas, etc.), que serán puntuadas de 0 a 1 puntos dependendo da calidade.  En cada avaliación,a nota acadada por este apartado sumarase á nota da final de avaliación.

- A participación nas clases puntuará positivamente cando así o considere o profesorado.

- A actitude na aula (cumprimento das normas de clase, atención ás explicacións do profesor,etc.), poderá sumar ou restar ata un punto. Cada negativo por non traer material e por falta de puntualidade restará 0,25 na nota final da avaliación.

11.2 MODALIDADE NON PRESENCIAL.

- A realización de tarefas, traballos e actividades, cando o profesor cando así o sinale, terá un peso na nota final da avaliación do 70%. A nota deste apartado resultará da media resultante da realización das distintas tarefas. Neste apartado inclúese a interpretación instrumental.

- Realizaranse cuestionarios e/ou probas de coñecemento, as cales serán puntuadas de 0 a 10. De efectuarse varias probas nunha avaliación a nota que se considerará será a media aritmética de todas. O peso desta nota no conxunto da nota da avaliación é do 30%.

- Poderanse programar actividades de participación voluntaria (presentacións multimedia, construcción de instrumentos, interpretación de pezas significativas, etc.), que serán puntuadas de 0 a 1 puntos dependendo da calidade.  En cada avaliación,a nota acadada por este apartado sumarase á nota da final de avaliación.

- Evidentemente, tanto as actividades como as probas de coñecemento desenvolveranse de xeito telemático. As eventuais interpretacións instrumentais por parte do alumnado serán recollidas preferentemente por formato de vídeo en detrimento do formato de audio.

## 12. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente

Para a recuperación da materia pendente, o profesor efectuará un seguimento individual do traballo do alumno co fin de repasar os contidos do curso anterior a través da proposta de actividades. A parte instrumental quedará aprobada se no presente curso o alumno é avaliado positivamente.
Todos estes alumnos terán a materia do curso pendente dividida en dous exames: un no mes de xaneiro  e outro no mes de marzo.
Se o número de alumnos fora moi reducido, non se recurrirá aos exames de xaneiro e marzo, sendo avaliado o desempeño do alumnado de maneira continua, a través das actividades de reforzo dos contidos, e coa interpretación axeitada na frauta a través de gravacións en formato de vídeo.
No mes de maio, a Xefatura de Estudos marcará segundo normas da Consellería un  exame oficial. Esta proba constará dunha parte teórica e doutra práctica (interpretación dunha peza con frauta doce). Se o alumno non supera a referida proba, poderá recuperar a materia nos exames extraordinarios de xuño.
A materia de linguaxe musical que non fora impartida no 2º curso por mor do confinamento será trabalhada durante o primeiro trimestre do 3º curso.

## 13. Proba extraordinaria de xuño

Se o alumno está suspenso na avaliación ordinaria ( entre o 6 ao 9 de xuño) , terá dereito á avaliación extraordinaria de xuño ( entre o 20 ao 22 de xuño)
Con vistas a realizar a **proba extraordinaria de xuño**, se lles entregará material para preparala, tanto na parte teórica (caderno de actividades) como práctica (unha peza de frauta que terán que tocar ou amosar en vídeo o día do exame).

13.1 MODALIDADE PRESENCIAL.

Nesta modalidade, o/a alumno/a non precisará de interpretar a peza coa frauta doce o mesmo día do exame, debendo entregar ao inicio da proba un arquivo de vídeo onde apareza interpretando dita peza.
Deberá realizar unha proba teórica sobre os contidos mínimos da materia ( O profesor guiará ao alumno neste xeito)

13.2 MODALIDADE NON PRESENCIAL

O/a alumno/a deberá superar unha proba teórica e outra práctica (interpretación dunha peza coa frauta doce),. A proba teórica efectuarase de xeito telemático, sendo preciso tamén que o alumno/a achegue un arquivo de vídeo onde interprete a peza coa frauta doce, o que a execute on line no mesmo momento do exame.
A nota máxima no exame extraordinario non superará o “6”.

## 4º ESO

## 1. Contidos

Son o conxunto de coñocementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos, en función das ensinanzas, das etapas educativas ou dos programas en que participe o alumnado.

A continuación móstranse os contidos, estruturados en catro bloques, segudo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Dada a situación pandémica actual, realizáronse as pertinentes modificacións para adaptar cada un destes bloques de contidos á modalidade adoptada en cada momento polo Centro (presencial ou non presencial). Estas alteracións reflíctense nos puntos 1.5 y 1.6.

1.1 RESPECTO AO 1º BLOQUE: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN

1. Práctica e aplicación de habilidades técnicas en grao crecente de complexidade e concertación coas outras partes do conxunto na interpretación vocal e instrumental, e no movemento e a danza. (a; b; c; m; n)
2. Interpretación de pezas vocais e instrumentais aprendidas de oído e/ou mediante a lectura de partituras con diversos tipos de notación. (a; b; c; m; n)
3. Planificación, ensaio, interpretación, dirección e avaliación de espectáculos musicais na aula e noutros espazos e contextos. (a; b; c; g; n; l)
4. Perseveranza na práctica de habilidades técnicas que permitan mellorar a interpretación individual e en grupo, e a creación musical. (a; b; c; g; l; n)
5. Utilización de técnicas, recursos e procedementos compositivos na improvisación, na elaboración de arranxos e na creación de pezas musicais. (b; e; f; g; n; l)
6. Ámbitos profesionais da música. Identificación e descrición das facetas e as especialidades no traballo dos/das músicos/as. (a; c; e; g; l; n)
7. Interese por coñecer as posibilidades que ofrece a música nos ámbitos persoal e profesional. (a; c; e; g; l; n)

1.2 RESPECTO AO 2º BLOQUE: ESCOITA

1. Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas. (b; e; f; h; l; n)
2. A crítica como medio de información e valoración do feito musical. Análise de críticas musicais e uso dun vocabulario apropiado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada. (a; c; e; h; i; l; n)
3. Rigor na utilización dun vocabulario adecuado para describir a música. (h; i; l; n; o)
4. Utilización de diversas fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas, incluídas as actuais, e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais, tanto en vivo como divulgadas a través dos medios de comunicación. (a; h; i; l)
5. Edición, comercialización e difusión da música. Novas modalidades de distribución da música e as súas consecuencias para os/as profesionais da música e a industria musical. (a; e; f; g; l; n)
6. A música nos medios de comunicación. Factores que inflúen nas preferencias e nas modas musicais. (a; h; l; n)
7. Interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas. (a; h; l; n)

1.3 RESPECTO AO 3º BLOQUE : CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS

1. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical español e galego. (a; b; c; e; f; h; l; n; ñ )
2. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais. (a; b; e; l; n)
3. Manifestacións musicais doutras culturas. (a; b; e; l; n)
4. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria. (a; b; e; h; g; i; l; n)
5. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais. (a; b; e; h; g; i; l; n)
6. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre música popular urbana. (a; b; c; e; h; i; l; n)
7. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. 7. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela. (a; b; c; e; h; i; l; n)
8. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.(a; b; c; e; h; i; l; n)

1.4 RESPECTO AO 4º BLOQUE: MÚSICA E TECNOLOXÍAS

Papel das tecnoloxías na música. Reflexión sobre a repercusión que na música tivo a posibilidade de gravar o son e a aparición dos computadores. (e; f; g; l; n)
Transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos das últimas décadas. (e; f; g; l; n)
Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo e a escoita, a interpretación e a creación musical. (e; f; g; l; n)
Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais. (e; f; g; l; n)
Análise das funcións da música en producións audiovisuais: publicidade, televisión, cine, videoxogos, etc. (e; f; g; h; l; n)
Sonorización de imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais. (a; e; f; g; l; n)
Valoración crítica da utilización dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a creación, a interpretación, o rexistro e a difusión de producións sonoras e audiovisuais. (a; e; f; g; l; n)

1.5 MODALIDADE PRESENCIAL.

- No BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN, as alteracións son as seguintes:

Nos puntos relacionados coas prácticas vocais (1 e 2) os contidos unicamente serán desenvolvidos no caso de poder impartir a materia nun espazo aberto ao ar libre ou que reúna as condicións necesarias para poder levar a cabo a actividade en condicións de seguridade.

Do mesmo xeito, as actividades relacionadas coas técnicas do movemento e da danza (punto 1) ou que supoñan traballo ou actividade grupal (3 e 4) deberán realizarse, de ser o caso, en espazos que respecten as normas de distanciamento e seguridade dictadas polas autoridades sanitarias.
Para a interpretación instrumental empregaranse principalmente instrumentos considerados de baixo risco na propagación do COVID 19 e de fácil desinfección. Quedan excluidos deste grupo os instrumentos de vento.

- BLOQUES 2, 3 e 4. Os contidos reflectidos nestes bloques poderán ser desenvolvidos respectando en todo momento as indicacións e normas de seguridade establecidas polas autoridades sanitarias, polo que non será necesario, en principio, ningunha modificación.

1.6 MODALIDADE NON PRESENCIAL.

- BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN: En xeral, quedan exluidas neste bloque todas aquelas actividades que supoñan agrupamentos físicos de alumnado (1, 3 e 4).

- BLOQUES 2, 3 e 4. O desenvolvemento dos puntos contidos nestes bloques realizarase de xeito telemático, empregando as distintas plataformas e aplicacións dixitais. Evidentemente, está condicionado polos dispositivos dixitais dos que dispoña o alumnado.

## 2. Competencias clave

Son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

Comunicación lingüística (CCL).
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). Competencia dixital (CD).
Aprender a aprender (CAA).
Competencias sociais e cívicas (CSC).
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
Conciencia e expresións culturais (CCEC).

## 3. Estándares de aprendizaxe

Son as concreción dos criterios de avaliación, e é por esa razón pola que se relacionan directamente con eles.
Permiten definir os resultados de aprendizaxe. Concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer. Serán observables, medibles e avaliables, e permitirán graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.
Se especificará a continuación de cada punto as competencias o capacidades implicadas.

En relación coas modificacións efectuadas nos contidos (apartados 1.5. e 1.6.), poderán ser necesarias alteracións e/ou supresión de algúns estándares de aprendizaxe, principalmente os reflectidos nos puntos 1 e 4 (BLOQUE 1), e nos puntos 1 e 5 (BLOQUE 3), dos estándares de aprendizaxe.

### 3.1 RESPECTO AO 1º BLOQUE: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN

1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades (CAA; CSC)
2. Le partituras como apoio á interpretación. (CCEC)
3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula. (CSC)
4. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento. (CCEC; CSC)
5. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música. (CD; CMCCT)
6. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical. (CD)
7. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen. (CSC; CSIEE)

3.2 RESPECTO AO 2º BLOQUE: ESCOITA

1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais. (CMCCT; CCL; CSC)
2. Le e analiza partituras como apoio á audición. (CCEC)
3. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada. (CCL; CCEC)
4. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música. (CCL; CCEC)
5. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbeo utilizando unha terminoloxía axeitada. (CCL; CCEC)
6. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo. (CSC; CCEC)
7. Amosa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas. (CSC; CCEC)
8. Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música. (CD; CSC)
9. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.(CCL; CCEC; CSC)

3.3 RESPECTO AO 3º BLOQUE: CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS

1. Amosa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego. (CSC; CCEC)
2. Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social. (CSC; CCEC)
3. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais. (CSC; CCEC)
4. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana. (CSC; CCEC)
5. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas. (CCL; CSC; CAA)
6. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular. (CAA; CSC; CCL)
7. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara. (CD)

3.4 RESPECTO AO 4º BLOQUE: MÚSICA E TECNOLOXÍAS

1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais. (CAA; CD; CMCCT)
2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos. (CSC; CSIEE)
3. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual. (CSC; CD)
4. Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes. (CAA; CD)
5. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais. (CD; CCEC; CMCCT)
6. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación. (CAA; CD)
7. Amosa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical. (CD; CCEC)
8. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma. (CD; CCL; CAA)
9. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes. (CAA; CL; CD)

## **<u>4. Temporalización dos contidos</u>**

1º TRIMESTRE

A música culta española dende a Idade Media ata o século XXI
A orixe do Jazz: Worksong, ragtime, blues, Espirituales, gospel… Características e evolución. Os inicios da música popular moderna: O country; o rhytm and blues.
O rock: Evolución e estilos

Texturas musicais / A modulación
Linguaxe musical: A notación musical; o musicograma; a notación alfabética; A tablatura; A partitura nos instrumentos de percusión; Clasificación de intervalos; tipos de acordes; O cifrado americano.

2º TRIMESTRE

A música e a súa función nos medios audiovisuais :
A música no cine: O cine mudo e a evolución cara ao cine sonoro.
O cine musical
O videoclip
A música nos videoxogos.
A ópera, la opereta e a zarzuela.
O musical e o teatro de variedades.
O ballet clásico e a danza contemporánea
O circo e a performance.
Linguaxe musical : Elementos da melodía; Motivo; frase; período e Sección. Principios competitivos: Repetición, desenvolvimiento e Contraste. As Formas musicais.

3º TRIMESTRE

Músicas do mundo: Hispanoamérica; India; China; Japón; Africa...
Instrumentos musicais; danzas; cantos
A música popular en España e en Galicia. O flamenco. Agrupacións instrumentais.
Linguaxe musical: Escalas pentatónicas, hexatónicas; o bordón, o ostinato, as diferentes clases de acordes; compases simples, compostos e de amalgama; Cambios de compás; grupos de valoración especial.

## 5. Grado mínimo para a consecución da materia

A música culta española dende a Idade Media ata o século XXI: Diferenciar a música española nas diferentes etapas.
A orixe do Jazz: Worksong, ragtime, blues, Espirituales, gospel… Características.
O rock: Estilos
Texturas musicais : Monodia, Polifonía ( Homorrítmica e en Contrapunto imitativo). Concepto de Modulación.
A música no cine: O cine mudo . O cine musical. O videoclip.
A ópera, la opereta e a zarzuela: Diferencias entre estes xéneros escénicos.
Identificar Instrumentos musicais do mundo e a súa procedencia.
Identificar Instrumentos musicais de España e a súa procedencia.
Cantos, bailes e instrumentos de Galicia.
Linguaxe musical: A notación alfabética; A tablatura; A partitura nos instrumentos de percusión; Clasificación de intervalos; tipos de acordes; O cifrado americano.Elementos da melodía; Motivo; frase; período e Sección. Principios competitivos: Repetición, desenvolvemento e Contraste. As Formas musicais: Binarias, Ternarias, Rondó e a Variación; compases simples, compostos e de amalgama; Grupos de valoración especial: Dosillo, Tresillo, Cuatrillo e Seisillo.

## 6. Procedimientos e instrumentos de avaliación

Probas

Escrita
· Test
· Cuestionario
· Comentario de audiciones
· Mapas conceptuais
· Exercicios que obliguen o uso de conceptos
· Situacións que obliguen ó uso de procedementos
· Dictado musical

Non escrita
· Interpretación instrumental
· Exposición

· Entrevista persoal
· Cuestionario

Observación

Directa · Recollida de datos en diario de clase
Indirecta · Informes e opinións doutros profesores ou profesionais
· Entrevistas con pais e nais

Na modalidade non presencial, empregaranse os medios dixitais dispoñibles para desenvolver cada un dos puntos citados no apartado de Probas, sendo suprimido o punto " Observación".

## 7. Metodoloxía didáctica

É o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.
O enfoque metodolóxico deberá sustentarse nas referidas situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia.

Será variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.

1. As propostas pedagóxicas arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.

2. A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favo- recendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

3. Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfo- que multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.

4. Fixaranse as estratexias para alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliables previstos na materia de música así como a adquisición das competencias.

5. Se terá en conta a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Para iso se utilizarán mecanismos de reforzo tanto organizativos como curriculares que se porán en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe.

6. Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das compe- tencias, e fomentarase a correcta expresión oral e escrita, as tecnoloxías da información e a comunicación, e a educación cívica e constitucional na materia.

7. Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedi- carase un tempo á lectura dentro das horas lectivas de música, ademáis das correspondentes ao proxecto lector desenvolvido no centro.

8. Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunica- ción na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas .

9. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currí- culo, se deseñaran actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alum- nado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

## 8. Materiais e recursos didácticos

Neste curso non se utiliza libro de texto oficial.

Todos os  alumnos disporán dos apuntes e material necesario na Aula Virtual do propio Centro.

Outros materiais: -

- Fichas de traballo nas plataformas virtuais.
- Papel pautado
- Reproductores sonoros e  audiovisuais.
- Soportes sonoros e  audiovisuais .
- Ordenador Edixgal para cada un dos alumnos.
- Canón
- Musicogramas.
- Discografía
- Ipod
- Instrumental Orff (placas e pequena percusión)
- Pianos (un clavinova e outro teclado portátil para actuacións fora do centro)
- Batería eléctrica
- Ordenador
  - - Grupo de Whatsapp
  - - Correo electrónico
  - - Aplicacións dixitais variadas (Kahoot, Educaplay, etc.).
  - - Páxinas de aloxamento de vídeos (Vimeo, Youtube, etc).
  - - Videoconferencias

Todos os  alumnos disporán dos apuntamentos na Plataforma Edixgal ou serán entregados polo profesor a través do correo electrónico.

## 9. Criterios de avaliación

Son os referentes para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

9.1 RESPECTO AO 1º BLOQUE: INTERPRETACIÓN  E  CREACIÓN

1. Ensaiar e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal ou instrumental, ou unha coreografía, aprendidas de memoria a través da audición ou da observación de gravacións de audio e vídeo, ou mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos.
2. Participar activamente nalgunhas das tarefas necesarias para a celebración de actividades musicais no centro docente: planificación, ensaio, interpretación, difusión, etc.
3. Compoñer unha peza musical utilizando diferentes técnicas e recursos.
4. Analizar os procesos básicos de creación, edición e difusión musical, considerando a intervención de distintos/as profesionais.

9.2 RESPECTO AO 2º BLOQUE: ESCOITA

1. Analizar e describir as principais características de pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos como partituras, textos ou musicogramas.
2. Expor de xeito crítico a opinión persoal respecto de distintas músicas e eventos musicais, argumentándoa en relación coa información obtida en diversas fontes: libros, publicidade, programas de concertos, críticas, etc.
3. Utilizar a terminoloxía axeitada na análise de obras e situacións musicais.
4. Recoñecer auditivamente, clasificar, situar no tempo e no espazo, e determinar a época ou a cultura e o estilo das obras musicais escoitadas previamente na aula, amosando apertura e respecto polas novas propostas musicais e interesándose por ampliar as súas preferencias.
5. Distinguir as funcións que cumpre a música na nosa sociedade, atendendo a diversas variables: intención de uso, estrutura formal e medio de difusión utilizado.
6. Explicar algunhas das funcións que cumpre a música na vida das persoas e na sociedade.

9.3 RESPECTO AO 3º BLOQUE: CONTEXTOS MUSICAIS  E  CULTURAIS

1. Apreciar a importancia patrimonial da música española e galega, e comprender o valor de conservala e transmitila colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas.
2. Coñecer a existencia doutras manifestacións musicais e consideralas como fonte de enriquecemento cultural.
3. Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras manifestacións artísticas.
4. Coñecer e analizar as características dos principais grupos e tendencias da música popular urbana actual.

9.4 RESPECTO AO 4º BLOQUE: MÚSICA E TECNOLOXÍAS

1. Valorar o papel das tecnoloxías na formación musical.
2. Aplicar as técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.
3. Sonorizar unha secuencia de imaxes fixas ou en movemento utilizando diferentes recursos informáticos.
4. Caracterizar a función da música nos medios de comunicación (radio, televisión, cine, etc.) e as súas aplicacións na publicidade, nos videoxogos e noutras aplicacións tecnolóxicas.
5. Coñecer as posibilidades das tecnoloxías aplicadas á música e utilizalas con autonomía.

9.5 MODALIDADE PRESENCIAL.

- BLOQUE 1: INTERPRETACIÓN E CREACIÓN. Os criterios de avaliación reflectidos nos puntos 1 e 2 do BLOQUE 1 aplicaranse esencialmente á compoñente individual da referida actividade, dado que o traballo colectivo e a interacción entre o alumnado está condicionado pola actual situación pandémica e é desaconsellado polas autoridades sanitarias.

9.6 MODALIDADE NON PRESENCIAL

- BLOQUE 1: Os criterios de avaliación reflectidos nos puntos 1 e 2 do BLOQUE 1 aplicaranse exclusivamente á compoñente individual da referida actividade, dado que o traballo colectivo e interacción entre o alumnado está condicionado pola actual situación pandémica e é desaconsellado polas autoridades sanitarias.

- BLOQUES 2, 3 e 4. O desenvolvemento dos puntos contidos nestes bloques efectuarase de xeito telemático, empregando as diversas plataformas dixitais dispoñibles. O normal desenvolvemento está condicionado polos dispositivos dixitais dos que dispoña o alumnado.

## 10. Criterios de promoción

A promoción dos alumnos de música en 4º ESO virá dado polo cumplimento e acadar positivamente logros que o alumnado alcance ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

## 11. Criterios de calificación e cuantificación na promoción

Permiten avaliar tanto os resultados da materia como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.
Para a promoción ao curso seguinte o alumno terá que ter acadados os estándares de aprendizaxes e a adquisición das competencias

11.1 MODALIDADE PRESENCIAL

- As probas escritas de coñecementos puntuaranse de 0 a 10. De realizarse varias probas nunha avaliación a nota que se considerará será a media aritmética de todas. O peso desta nota no conxunto da nota da avaliación é do 60%.

- A realización de tarefas, traballos e actividades, cando o profesor así o sinale, terá un peso na nota final da avaliación do 40%. A nota deste apartado resultará da media resultante da realización das distintas tarefas. Neste apartado inclúese a interpretación instrumental.

- Poderanse programar actividades de participación voluntaria (presentacións multimedia, construcción de instrumentos, interpretación de pezas significativas, etc.), que serán puntuadas de 0 a 1 puntos dependendo da calidade.  En cada avaliación,a nota acadada por este apartado sumarase á nota da final de avaliación.

- A participación nas clases puntuará positivamente cando así o considere o profesorado.

- A actitude na aula (cumprimento das normas de clase, atención ás explicacións do profesor,etc.), poderá sumar ou restar ata un punto. Cada negativo por non traer material e por falta de puntualidade restará 0,25 na nota final da avaliación.

11.2 MODALIDADE NON PRESENCIAL.

- A realización de tarefas, traballos e actividades, cando o profesor cando así o sinale, terá un peso na nota final da avaliación do 70%. A nota deste apartado resultará da media resultante da realización das distintas tarefas. Neste apartado inclúese a interpretación instrumental.

- Realizaranse cuestionarios e/ou probas de coñecemento, as cales serán puntuadas de 0 a 10. De efectuarse varias probas nunha avaliación a nota que se considerará será a media aritmética de todas. O peso desta nota no conxunto da nota da avaliación é do 30%.

- Poderanse programar actividades de participación voluntaria (presentacións multimedia, construcción de instrumentos, interpretación de pezas significativas, etc.), que serán puntuadas de 0 a 1 puntos dependendo da calidade.  En cada avaliación,a nota acadada por este apartado sumarase á nota da final de avaliación.

- Evidentemente, tanto as actividades como as probas de coñecemento desenvolveranse de xeito telemático. As eventuais interpretacións instrumentais por parte do alumnado serán recollidas preferentemente por formato de vídeo en detrimento do formato de audio.

## 12. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente

Para a recuperación da materia pendente, o profesor efectuará un seguimento individual do traballo do alumno co fin de repasar os contidos do curso anterior a través da proposta de actividades. A parte instrumental quedará aprobada se no presente curso o alumno é avaliado positivamente.
Todos estes alumnos terán a materia do curso pendente dividida en dous exames: un no mes de xaneiro  e outro no mes de marzo.
Se o número de alumnos fora moi reducido, non se recurrirá aos exames de xaneiro e marzo, sendo avaliado o desempeño do alumnado de maneira continua, a través das actividades de reforzo dos contidos, e coa interpretación axeitada na frauta a través de gravacións en formato de vídeo.
No mes de maio, a Xefatura de Estudos marcará segundo normas da Consellería un  exame oficial. Esta proba constará dunha parte teórica e doutra práctica (interpretación dunha peza con frauta doce). Se o alumno non supera a referida proba, poderá recuperar a materia nos exames extraordinarios de xuño.
Con vistas a realizar a proba extraordinaria de xuño, entregaráselles material para preparala, tanto na parte teórica (caderno de actividades) como práctica (peza de frauta, patrón rítmico para percutir…)).
A materia de linguaxe musical que non fora impartida no 3º curso por mor do confinamento será trabalhada durante o primeiro trimestre do 4º curso.

12.1 MODALIDADE  PRESENCIAL.

Nesta modalidade, o/a alumno/a non precisará de interpretar a peza coa frauta doce o mesmo día do exame, debendo entregar ao inicio da proba un arquivo de vídeo onde apareza interpretando dita peza.

12.2 MODALIDADE NON PRESENCIAL

O/a alumno/a deberá realizar durante o curso escolar unha serie de actividades programadas polo profesor con vistas a recuperar a materia pendente do curso anterior. Estas actividades serán elaboradas telemáticamente mediante o uso de aplicacións dixitais e a Aula Virtual.  No caso de o/a  alumno/a non aprobar a materia deste xeito, deberá superar unha proba teórica e outra práctica (interpretación dunha peza coa frauta

doce), nas datas determinadas pola Xefatura de Estudos. A proba teórica efectuarase de xeito telemático, sendo preciso tamén que o alumno/a achegue un arquivo de vídeo onde interprete a peza coa frauta doce.
De ser necesario a recuperación da materia pendente no mes de xuño, deberá volver a realizarse unha proba teórica e práctica, nas mesmas condicións que se relatan no parágrafo anterior.

## 13. Proba extraordinaria de xuño

Se o alumno está suspenso na avaliación ordinaria ( entre o 6 ao 9 de xuño) , terá dereito á avaliación extraordinaria de xuño ( entre o 20 ao 22 de xuño)
Con vistas a realizar a **proba extraordinaria de xuño**, se lles entregará material para preparala, tanto na parte teórica (caderno de actividades) como práctica (unha peza de frauta que terán que tocar ou amosar en vídeo o día do exame).

13.1 MODALIDADE PRESENCIAL.

Nesta modalidade, o/a alumno/a non precisará de interpretar a peza coa frauta doce o mesmo día do exame, debendo entregar ao inicio da proba un arquivo de vídeo onde apareza interpretando dita peza.
Deberá realizar unha proba teórica sobre os contidos mínimos da materia ( O profesor guiará ao alumno neste xeito)

13.2 MODALIDADE NON PRESENCIAL

O/a alumno/a deberá superar unha proba teórica e outra práctica (interpretación dunha peza coa frauta doce),.
A proba teórica efectuarase de xeito telemático, sendo preciso tamén que o alumno/a achegue un arquivo de vídeo onde interprete a peza coa frauta doce, o que a execute on line no mesmo momento do exame.
A nota máxima no exame extraordinario non superará o “6”.

## PROGRAMA DE REFORZO E AMPLIACIÓN

O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta aos elementos non prescritivos do curriculo. É dicir, que está referido a unha programación concreta, como pode se-la referencial presente .
O reforzo educativo supón a mellora das técnicas instrumentais, das estratexias de aprendizaxe, ou dos coñecementos previos.
1.- Técnicas instrumentais
As principais técnicas instrumentais da área son a lectura e a escritura musical, o control motor que afecta tanto ós dedos nos instrumentos dixitables como ó control postural, e o sentido rítmico e melódico. Se as técnicas instrumentais apareceran mermadas respecto ó mínimo previsible para a superación dos contidos, o profesorado tem deseñado unha serie de actividades para o alumnado en cuestión, de maneira que poidan acada-los mínimos esixidos, especialmente no caso do segundo e tercer curso, dado o carácter obrigatorio da área.
2.- Estratexias de aprendizaxe
En gran medida, a secuencia presentada parte dos contidos procedimentais para chegar ós conceptuais. Este feito, perfectamente acorde cos principios da aprendizaxe significativa, presenta sin embargo unha contrapartida, ó non atopar claramente o alumnado as técnicas de estudio precisas para afronta-la superación dos contidos procedimentais. Máis habituados ó que supón o estudio conceptual, os e as adolescentes non son, ás veces, conscentes do que entendemos na práctica vocal ou instrumental por “estudiar”, nin atopan axuda no medio familiar e social para aprehender novas concepcións da aprendizaxe, alonxada da tradicional baseada na memorización de conceptos. De este xeito, é comprensible que estratexias como a boa planificación, a aplicación horaria e a organización do estudio non sexan perfectamente entendidas cando se aplican á nosa área.
Por esta razón é necesario incidir nunha ampliación do concepto de “estudio”, considerando a práctica musical cotiá como un hábito necesario para a superación da materia, independentemente do estudio pormenorizado de conceptos relativos a outros bloques de contido, que poden aplicarse mellor ós modelos tradicionais.
A ampliación na área de “Música” en secundaria é necesaria naqueles alumnos e alumnas que mostran unha especial facilidade ante o feito musical, e que os separa do resto. Sin embargo, esta predisposición non aparece normalmente en tódolos aspectos diferenciados dentro da educación musical, senón tan só nun deles, ou

nos eminentemente prácticos. Os casos que requiren unha especial intervención son o alumnado afectado de superdotación intelectual, o que ten "talento", e os que practican a música de xeito cotián, por estudiar nun centro especializado o por pertencer a unha agrupación musical concreta.
Ó trata-la educación musical en persoas superdotadas hai que ter en conta que se fai necesaria unha explicación que poida parecer lóxica e coherente para as actividades a realizar. A capacidade intelectual do individuo pídelle continuamente a xustificación do porqué se efectúa un exercicio que aparentemente non ten ningún fundamento teórico; esto es algo habitual nunha materia na que os contidos procedimentais priman sobre os conceptuais. Poñamos por caso o concepto de pulso: non basta unha definición, senón unha práctica directa. Facer ver ó alumnado superdotado que o fundamento dun exercicio concreto é a aprehensión práctica do concepto, lle axuda na súa práctica, vencendo o retraimento que no seu carácter posúen, ademáis de favorece-la súa integración no grupo. Por outra parte, a afección ás cuestións de índole intelectualista orientalle fácilmente hacia a lectura musical e a audición de obras. Por eso, faise necesario elaborar un programa específico para este alumnado, prestando unha maior atención ás súas necesidades, pero á vez deixando que poida participar nas actividades de conxunto, tales como cantar, tocar e bailar.
No que se refire á práctica instrumental, o superdotado atopa a través da execución unha boa forma de comunicarse consigo mesmo e cos demáis. Sin embargo, non tódolos instrumentos son adecuados para ello; o seu concepto de si mesmo obligalle a asumir rápidamente os niveis do adulto. Poden sentirse ridículos tocando negras nunha caixa chinesa, e entusiasmarlles a idea de toca-la guitarra ou o teclado. A pesares de esto non posúen unha maior aptitude ante o feito musical, a menos que se trate de persoas cun talento musical específico.
Os "talentosos" requiren un maior coidado no seu tratamento escolar. Na maior parte dos casos a detección precoz (especialmente no ambiente familiar) encamínaos a estudiar música dende pequenos. En moitos casos a aptitud ven orientada de maneira decidida hacia un instrumento concreto, como o violín, o piano, ou a frauta. A influencia do ambiente familiar é determinante, dándose o caso de que a maioría se encontran nun medio propicio, incluso contando cun profesional no seu entorno.
Para estos casos, así como para os que estudian música dun xeito máis específico fora do ensino obrigatorio, a ampliación debe basearse no xa exposto para superdotados, pero engadindo que, de xeito continuado ou de cando en vez, a práctica instrumental en grupo requira da súa participación co instrumento propio de estudio, sin que esto signifique que non participe cos demáis nas outras actividades e na execución co instrumental Orff. Resulta altamente motivadora a realización de pequenos concertos ou audicións na clase ou no centro. Incidirase especialmente na ampliación do gusto musical ante a audición das obras dos grandes compositores, xa que nestes casos suele reducirse ó coñecemento das obras de repertorio para o seu instrumento.
Tanto as medidas de reforzo coma as de ampliaci (ón teñen actividades a desenvolver na AULA VIRTUAL OU A TRAVÉS DA PLATAFORMA EDIXGAL nos cursos 2º,3º e 4º ESO) do departamento de música o presente curso 2021-2022.

## PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR NA ESO

O alumnado repetidor na ESO , porá en coñecemento do profesor, grazas á evaluación inicial, tódolos contidos e obxectivos non acadados e as dificultades nos procedementos levados a cabo o ano anterior.
Partindo destas premisas, trátase dun alumnado que recurrirá ao longo do curso ás actividades de reforzo expostas na pax. Web do departamento ou na aula virtual, e tamén disporá de actividades de ampliación para que nos contidos aprehendidos poda investigar e evitar a monotonía que implica o traballo reiterado dos mesmos contidos, obxectivos…
Na materia de música , o máis importante neste alumnado é acadar non solo os contidos, obxectivos e procedementos senón a implicación na materia, adquirir seguridade no seu traballo, respeto aos compañeiros ( que se inician no curso) e motivarse positivamente con todas actividades propostas.

## PROGRAMACIÓN DE 1º E 2º DE BACHARELATO SEGUNDO A LOMCE

## OBXECTIVOS DO BACHARELATO

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha con- ciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como

polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma respon- sable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en parti- cular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comu- nicación.
h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus an- tecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciati- va, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## 1º BACHARELATO : LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL

### Introducción

A materia de Linguaxe e Práctica Musical concíbese como unha continuación da formación musical recibida polo alumnado na etapa educativa anterior, que lle permite ampliar, desenvolver e aplicar, con autonomía e en contextos diversos, os coñecementos e as capacidades que contribúen á adquisición dunha cultura musical sólida.
Considerando que a música ten como finalidade primordial a comunicación, é necesario que o alumnado conte coas ferramentas necesarias que lle axuden a comprender e a participar do feito musical. Neste sentido, débese favorecer que o alumnado se implique activamente no proceso artístico musical.
A expresión e a linguaxe musical son os dous ámbitos do coñecemento musical en torno aos que se organiza esta materia; está estruturada en cinco bloques ("Destrezas musicais", "A audición comprensiva", "A teoría musical", "A creación e a interpretación" e "As tecnoloxías aplicadas ao son"), que se deben presentar nas actividades de ensino e aprendizaxe relacionados entre si, xa que estes ámbitos se complementan e interactúan; refórzanse e desenvólvense mutuamente.
A comprensión dos elementos morfolóxicos e sintácticos da linguaxe musical contribúe a perfeccionar a capacidade de expresarse a través da interpretación e a creación do feito musical concreto, completándose así o proceso de adquisición dunha linguaxe. A súa aprendizaxe como instrumento de comunicación debe basearse, tamén, na audición comprensiva, na memoria musical, na práctica vocal, instrumental e rítmica, e na lectoescritura musical como recurso útil para fixar os conceptos lingüísticos.
A expresión musical refírese á creación e a interpretación de pezas vocais e instrumentais. A interpretación achega o alumnado a un repertorio musical amplo e variado, posibilita a adquisición de capacidades e destrezas técnicas e interpretativas, e favorece a sensibilidade auditiva e a memoria musical. A interpretación instrumental e vocal, nunha educación musical na que a práctica é o centro da acción pedagóxica, é tamén un

procedemento esencial para aprender os contidos da linguaxe musical e reforzar os coñecementos adquiridos; a experiencia, que é previa á abstracción conceptual. A creación musical explora os elementos propios da linguaxe musical, experimenta cos sons e combínaos a través da improvisación, dos arranxos e da composición.
Todo isto poténciase coas tecnoloxías da información, da comunicación e da creación artística, que, postas á disposición da música, constitúen un recurso importante para indagar, obter información e comunicarse, e un medio para crear e descubrir músicas de todos os estilos e de todas as culturas.
A materia de Linguaxe e Práctica Musical debe estar orientada a espertar o interese do alumnado por participar de forma activa, informada e lúdica como oínte, intérprete ou compositor/a, tanto na súa vida educativa como na súa vida privada. O ensino da materia debe partir dos coñecementos previos, dos gustos e dos costumes musicais do alumnado, e abordarse desde a práctica musical activa e participativa, vinculada á reflexión sobre o realizado. Estes principios, orientados ao desenvolvemento das capacidades perceptivas e expresivas e á comprensión do feito musical, servirán de base para consolidar aprendizaxes que transcendan o contexto en que se produciron.
A materia contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico. Tal e como demostran numerosos estudos publicados, a práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música favorece a adquisición das competencias clave, procura un ensino inl e axuda na maduración do alumnado, ademais de favorecer o espírito de motivación e superación persoal.
As disciplinas musicais non só desenvolven a creatividade, a sensibilidade artística e o criterio estético; tamén axudan o alumnado, da mesma forma que o resto de materias desta etapa, a adquirir os coñecementos e habilidades para construír a súa personalidade, a traballar en equipo, desenvolver o pensamento crítico e a converterse en cidadáns e cidadás que actúen de xeito responsable e autónomo. En definitiva, a actividade musical, nas súas diversas facetas, favorece as capacidades sociais e expresivas dos alumnos e das alumnas.

## 1. Contidos

A continuación móstranse os contidos, estruturados en catro bloques, segundo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Dada a situación pandémica actual, realizáronse as pertinentes modificacións para adaptar cada un destes bloques de contidos á modalidade adoptada en cada momento polo Centro (presencial ou non presencial). Estas alteracións reflíctense nos puntos 1.6 y 1.7.

### 1.1 BLOQUE 1: DESTREZAS MUSICAIS

1. Coñecemento do aparello fonador, o seu funcionamento, a respiración, a emisión, a articulación, a relaxación e a afinación. ( d;e;f;i;m;ñ)
2. Utilización da voz hablada , individual ou colectivamente, partindo do coñecemento do aparello fonador, o seu funcionamento, a respiración, a emisión, a articulación e a relaxación . ( d;e;f;i;m;ñ)
3. Interiorización do pulso. ( c;d;i;m;n;ñ;p)
4. Interpretación instrumental atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agóxica, á ornamentación musical, e á articulación dos sons e dos seus ataques. ( d;e;f;i;m;ñ)
5. Práctica da lectura articulada e da escritura tanto melódica como harmónica nas claves de sol e fa en cuarta, e da escritura tanto melódica como harmónica. ( d;e;f;i;m;ñ)
6. Práctica de lectura de notas, sen clave, aténdose ao debuxo interválico. ( d;e;f;i;m;ñ)
Práctica da lectura de obras musicais utilizando partituras. ( d;e;f;i;m;ñ)

### 1.2 BLOQUE 2: AUDICIÓN COMPRENSIVA

1. Percepción e identificación do pulso, dos acentos e dos compases binarios, ternarios e cuaternarios. (i,n;ñ)
2. Percepción, identificación e transcrición de fórmulas rítmicas básicas orixinadas polo pulso binario ou ternario.(i,n;ñ)
3. Percepción, identificación e transcrición de signos que modifican a duración, síncopes, anacruses, notas a contratempo, cambios de compás, grupos de valoración especial, equivalencias pulso-pulso e fracción-fracción, etc.(i,n;ñ)

4. Identificación auditiva das características morfolóxicas básicas das obras musicais, tanto as que teñen como fundamento a linguaxe da música culta como as que teñen como fundamento as linguaxes musicais contemporáneas, o jazz, a música tradicional, o rock, o flamenco e as músicas do mundo( b;d;e;f;i;n)
5. Percepción, identificación auditiva e transcrición das escalas, funcións tonais-acordes maiores e menores, acordes de sétima dominante e de sétima diminuída, cadencias e os modos e intervalos fóra do concepto tonal.( b;d;e;f;i;n)
6. Recoñecemento comprensivo das texturas musicais e dos timbres instrumentais nas obras escoitadas ou interpretadas.( b;d;e;f;i;n)
7. Recoñecemento auditivo e transcrición dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos devanditos elementos.( b;d;e;f;i;n)
8. Reprodución memorizada de esquemas rítmicos,( b;d;e;f;i;n)
9. Identificación de erros ou as diferenzas entre un fragmento escrito e un fragmento escoitado.( b;d;e;f;i;n)
10. Transcrición de esquemas harmónicos das obras escoitadas.( b;d;e;f;i;n)

1.3 BLOQUE 3: A TEORÍA MUSICAL

1. Coñecemento das grafías das fórmulas rítmicas, simultaneidade de ritmos, signos que modifican a duración, síncope, anacruse, notas a contratempo, os grupos de valoración especial contidos en un e varios pulsos, etc. (d;i;n)
2. Coñecemento das grafías e dos termos relativos á expresión musical, á dinámica, ao tempo, á agóxica, á articulación musical e ao ataque dos sons.(d;i;n)
3. Aproximación ás grafías contemporáneas.(d;i;n)
4. Coñecemento das normas de escritura melódica. ( i;n)
5. Coñecemento e comprensión dos ritmos característicos das danzas e das obras musicais. ( i;n)
6. Coñecemento e comprensión de escalas, funcións tonais, intervalos, cadencias, acordes básicos e complementarios, tonalidade, modalidade e modulación. ( i;n)
7. Coñecemento dos principais sistemas de cifraxe harmónica. ( i;n)
8. Coñecemento da ornamentación musical. ( i;n)
9. Comprensión do efecto que producen na música os sons da ornamentación e intensificación expresiva. ( i;n)
10. Ámbito sonoro das claves e a súa relación entre si. ( i;n)

1.4 BLOQUE 4 : A CREACIÓN E A INTERPRETACIÓN

1. Realización vocal ou instrumental de fórmulas rítmicas orixinadas polo pulso binario ou ternario e as súas variantes. ( c;d;i;l;m;n)
2. Improvisación, tanto individual como colectiva, de breves esquemas rítmicos( c;d;i;l;m;n)
3. Utilización das escalas e acordes máis habituais no sistema modal e tonal.( c;d;i;l;m;n)
4. Interpretación memorizada de obras ou fragmentos musicais vocais adecuados ao nivel, con ou sen acompañamento.( a;b;c;d;h;i;n)
5. Achegamento aos procesos compositivos máis habituais. ( a;b;c;d;h;i;l;n)
6. Desenvolvemento da lateralidade a través da realización simultánea de diferentes ritmos básicos ( a;b;c;d;h;i;l;n)
7. Participación activa na organización e na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos. (a; b;c;n)
8. Participación na organización e na realización de actividades con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia, como parte dun grupo, do enriquecemento que se produce coas achegas das demais persoas. (a; b;c;n)

1.5 BLOQUE 5: AS TECNOLOXÍAS APLICADAS AO SON

1. Fenómeno físico-harmónico; movemento ondulatorio; serie de Fourier. ( d;e;f;g;h;i;l;m;n)
2. Características acústicas dos instrumentos: instrumentos transpositores e electrónicos; manipulación artificial do son.( d;e;f;g;h;i;l;m;n)
3. Fundamentos dos sistemas de afinación. Proporcións asociadas aos intervalos: consonancia e disonancia. Serie harmónica. Índices acústicos. Diapasón.( d;e;f;g;h;i;l;m;n)
4. Transmisión e amortecemento do son.( d;e;f;g;h;i;l;m;n)
5. Sinal analóxico e sinal dixital. Dixitalización do son analóxico.( d;e;f;g;h;i;l;m;n)
6. Síntese do son: mostraxe (samplers), filtros de frecuencias e multipistas.( d;e;f;g;h;i;l;m;n)
7. Hardware musical: computadores, tarxetas de son e conexións.( d;e;f;g;h;i;l;m;n)

8. Tipos de software musical: editores de partituras, secuenciadores, programas xeradores de acompañamentos e mesas de mesturas.( d;e;f;g;h;i;l;m;n)
9. Práctica dos sistemas de gravación analóxica ou dixital, de procesamento de sons de comunicación MIDI en interpretacións ou creacións propias.( g;h;i;l;n)
10. Uso da música con soporte electrónico en producións escénicas ou audiovisuais.( g;h;i;l;n)
11. Realización de sonorizacións a través da improvisación, a composición ou a selección musical de textos ou de imaxes.( g;h;i;l;n)

1.6 MODALIDADE PRESENCIAL.

- No BLOQUE 1: DESTREZAS MUSICAIS as alteracións son as seguintes:
No punto 2 relacionado coa utilización da voz hablada , a respiración, a emisión e a articulación , non serán desenvolvidos.
- NO BLOQUE 4: A CREACIÓN E A INTERPRETACIÓN, Os contidos dos puntos 1 e 2 sufrirán modificaciones e non se desenvolverán en grupo. No que respecta aos puntos 7 e 8 quedan anulados.
As actividades relacionadas coas técnicas instrumentais ou que supoñan traballo ou actividade grupal deberán realizarse respetando as normas de seguridade dictadas polas autoridades sanitarias, utilizándose instrumentos considerados de baixo risco na propagación do COVID 19 e de fácil desinfección. Quedan excluidos deste grupo os instrumentos de vento.
- No BLOQUE 5 ,quedará anulado o punto 10

1.7 MODALIDADE NON PRESENCIAL.

- BLOQUE 1: DESTREZAS MUSICAIS: Queda exluido neste bloque o punto 2 por que implica unha enseñanza tutorada esencialmente de forma presencial polo profesor

- BLOQUE 4: O desenvolvemento dos puntos contidos neste bloque realizarase de xeito telemático, empregando as distintas plataformas e aplicacións dixitais, e grabación en formato vídeo. Evidentemente, está condicionado polos dispositivos dixitais dos que dispoña o alumnado.
- No BLOQUE 5 ,quedará anulado o punto 10

## 2.Competencias clave

Son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

Comunicación lingüística (CCL).
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). Competencia dixital (CD).
Aprender a aprender (CAA).
Competencias sociais e cívicas (CSC).
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
Conciencia e expresións culturais (CCEC).

## 3. Estándares de aprendizaxe

En relación coas modificacións efectuadas nos contidos (apartados 1.5. e 1.6.), poderán ser necesarias alteracións e/ou supresión de algúns estándares de aprendizaxe, principalmente os reflectidos nos puntos 2,3 (BLOQUE 1), e nos puntos 1,5,8,9 e 10 (BLOQUE 4) dos estándares de aprendizaxe.

3.1 RESPECTO AO BLOQUE 1: DESTREZAS MUSICAIS

1. Coñece os órganos e as funcións do aparello fonador. CMCCT
2. Interpreta instrumentalmente, con total precisión dentro dun tempo establecido, estruturas rítmicas adecuadas a este nivel dunha obra ou un fragmento, sentindo internamente o pulso e aplicando, se procede, as equivalencias nos cambios de compás. ( CMCCT; CCEC)
3. Executa con independencia estruturas rítmicas simultáneas, utilizando e desenvolvendo a disociación auditiva e motriz. ( CMCCT; CSC)

4. Practica a lectura e a escritura musical, recoñecendo a súa importancia para afondar na aprendizaxe da linguaxe musical. ( CAA; CMCCT; CCEC)

3.2 RESPECTO AO BLOQUE 2: AUDICIÓN COMPRENSIVA

1. Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e logra unha correcta interiorización do pulso que lle permite posteriormente unha axeitada execución individual ou colectiva. ( CMCCT; CSC)
2. Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos etc., das obras escoitadas ou interpretadas. ( CMCCT; CCEC)
3. Utiliza a lectura e a escritura musical como apoio á audición. ( CCEC)
4. Escoita obras musicais seguindo a partitura. (CCEC)
5. Escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock e flamenco, así como os máis importantes da linguaxe musical contemporánea. ( CCEC)
6. Describe as característicos das obras escoitadas, utilizando a terminoloxía axeitada. ( CCEC; CCL)

3.3 RESPECTO AO BLOQUE 3: A TEORÍA MUSICAL

1. Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical. ( CMCCT; CCEC)
2. Identifica e interpreta os signos gráficos propios da linguaxe musical contemporánea. ( CCEC; CCL; CMCCT)
3. Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando diferentes soportes. ( CAA; CCEC)
4. Recoñece elementos básicos harmónicos e formais. ( CCEC; CMCCT)
5. Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical. ( CCEC; CCL)

3.4 RESPECTO AO BLOQUE 4 : A CREACIÓN E A INTERPRETACIÓN

1. Practica variantes de fórmulas rítmicas coñecidas e improvísaas libremente, acordándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado. ( CMCCT)
2. Asimila os conceptos tonais e modais básicos, desenvolvendo a creatividade e a capacidade de seleccionar e usar libremente os elementos da linguaxe musical de acordo cunha idea e estruturados nunha forma musical. ( CCEC; CSIEE)
3. Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización, sensibilidade musical e capacidade expresiva. ( CCEC)
4. Mantén unha actitude positiva ante a música e os compañeiros. ( CSC; CCEC)
5. Utiliza os instrumentos da aula cunha técnica correcta. ( CAA; CSC)
6. Mantén unha actitude positiva para integrarse como un membro máis no grupo. ( CSC; CSIEE)
7. Crea unha pequena obra musical utilizando os coñecementos musicais adquiridos. ( CCEC; CAA; CMCCT; CSIEE)
8. Constrúe a través do movemento unha creación coreográfica adecuando a súa concepción ao carácter expresivo da obra. ( CSC; CAA)
9. Compórtase de maneira correcta como espectador/a e como intérprete na realización de actividades musicais desenvolvidas en diferentes contextos. ( CSC)
10. Practica as técnicas necesarias para controlar o medo escénico. ( CSC)

3.5 RESPECTO AO BLOQUE 5: AS TECNOLOXÍAS APLICADAS AO SON

1. Utiliza correctamente editores de partituras, secuenciadores, MIDI e software para aplicacións audiovisuais. ( CD; CMCCT)
2. Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a aprendizaxe do feito musical. ( CAA; CD; CMCCT)

## 4.Temporalización dos contidos

1º TRIMESTRE

Interiorización do pulso.
A escala . Grados e a súa función.
Reprodución de diferentes fórmulas rítmicas básicas.

Exercicios de dictado rítmico e melódico.
Repaso dos elementos básicos do linguaxe musical ( contratempos; síncopas; ligaduras; puntillos..)
Diferentes combinación nos compases de subdivisión binaria.
Grupos de valoraciónn especial: Tresillo; Seisillo.
Audición de obras con esquemas formais básicos: Binarias; ternarias; Rondó, identificando na partitura os elementos melódicos e rítmicos básicos traballados, e recoñecendo os errores entre o escrito e o escoitado.
Cadencias. Cadencia Perfecta; Plagal e Semicadencia.
Ambito sonoro das claves e a súa relación entre sí. Clave de sol en 2ª liña. Clave de Fa en 4ª liña. Índices acústicos.
Audición e recoñecemento de diferentes timbres instrumentais.
Executar polirritmias sobre os ritmos que se traballan.
O son.Transmisión e adormecemento do son . O diapasón. Movemento ondulatorio. Fenómeno físico-armónico. Serie de Fourier . Contaminación sonora.
O sinal analóxico e o dixital. Digitalización do son analóxico.
Síntese do son. Mostraxe ( Samplers); filtros de frecuencias e multipistas.
O hardware musical: Computadores; Tarxetas de son e conexións.
O software musical: Editores de partituras; secuenciadores; Programas xeradores de acompañamentos; mesas de mesturas.
Práctica de gravacións.
Escritura dunha partitura cun programa editor ( Musescore)
Sonorización de imanes e textos ou de producción escénicas.

2º TRIMESTRE

Continuación na aprendizaje de elementos rítmicos e melódicos do linguaxe musical. Compases de subdivisión ternaria. grupos de valoración especial: Dosillo; cuatrillo.
A Tonalidade. A modalidade. Escalas maiores e menores
Acordes. Inversiones Acordes de 5ª, de 7ª de Dominante e de 7ª disminuída. O cifrado armónico. Funciones tonais.
Consonancia e Disonancia.
Análisis harmónico de fragmentos escoitados, de procesos cadenciais e cadencias. A modulación.
As texturas musicais. Monodia e polifonía. A polifonía contrapuntística, homorrítmica e a Homofonía.
Audición de obras con esquemas formais básicos: Binarias; ternarias; Rondó, identificando na partitura os elementos melódicos e rítmicos básicos traballados, e recoñecendo os errores entre o escrito e o escoitado..
Identificar errores entre o escrito e o escoitado.
Términos que indican Dinámica, Tempo, Agóxica e articulación musical.
Executar polirritmias sobre os ritmos que se traballan.
Práctica de gravacións.
Escritura dunha partitura cun programa editor ( Musescore).
Aparato auditivo. Anatomía e fisioloxía.

3º TRIMESTRE

Continuación na aprendizaje de elementos rítmicos e melódicos do linguaxe musical. Ritmos derivados da combinación de compases ( 3/4 6/8). Compases de amalgama.
Grafías contemporáneas.
Rítmos de danzas.
Improvisación instrumental de breves esquemas utilizando todo o estudiado.
Composición de melodías con su correspondente acompañamento armónico.
Procedementos compositivos: Repetición ( O ostinato); A Imitación ( Canon; Invención; Fuga); Polirrítmias.
Audición de obras con esquemas formais básicos: Binarias; ternarias; Rondó, identificando na partitura os elementos melódicos e rítmicos básicos traballados, e recoñecendo os errores entre o escrito e o escoitado.
Práctica de gravacións.
Escritura dunha partitura cun programa editor ( Musescore).
Aparato Fonador. Anatomía e fisioloxía. A respiración, emisión, articulación, relaxación e afinación.

## **5. Grado mínimo para a consecución da materia**

Interiorización do pulso.
Reconocimiento auditivo de todos os sonidos da escala, a partir de diferentes alturas.

A escala . Grados e a súa función.
Reproducción de diferentes fórmulas rítmicas básicas.
Exercicios de dictado rítmico e melódico.
Repaso dos elementos básicos do linguaxe musical ( contratempos; síncopas; ligaduras; puntillos..)
Diferentes combinación nos compases de subdivisión binaria.
Audición de obras con esquemas formais básicos: Binarias; ternarias; Rondó, identificando na partitura os elementos melódicos e rítmicos básicos traballados, e recoñecendo os errores entre o escrito e o escoitado.
Concepto de Cadencia.
Ambito sonoro das claves e a súa relación entre sí. Clave de sol en 2ª liña. Clave de Fa en 4ª liña.
Audición e recoñecemento de diferentes timbres instrumentais.
Executar polirritmias sobre os ritmos que se traballan.
Transmisión e adormecemento do son . O diapasón.
Continuación na aprendizaje de elementos rítmicos e melódicos do linguaxe musical. Compases de subdivisión ternaria.
A Tonalidade. A modalidade. Escalas maiores e menores
Acordes. Inversiones Acordes de 5ª, de 7ª de Dominante .
Concepto de Consonancia e Disonancia.
As texturas musicais. Monodia e polifonía. A polifonía contrapuntística, homorrítmica e a Homofonía.
Identificar errores entre o escrito e o escoitado.
Términos que indican Dinámica, Tempo, Agóxica e articulación musical.
Aparato Fonador. Anatomía e fisioloxía.
Aparato auditivo. Anatomía e fisioloxía.
O sinal analóxico e o dixital.
O hardware musical: Computadores; Tarxetas de son e conexións.
O software musical: Editores de partituras; secuenciadores; Programas xeradores de acompañamentos; mesas de mesturas.

## 6. Procedimientos e instrumentos de avaliación

Probas

Escrita s

· Test
 · Cuestionario
 · Comentario de audiciones

. Fichas de linguaxe musical
 · Mapas conceptuais
 · Exercicios que obliguen o uso de conceptos
 · Situacións que obliguen ó uso de procedementos
 · Dictado musical

Orais

· Interpretación instrumental
 · Exposición
 · Debate
 · Entrevista persoal
 · Cuestionario

Observación

Directa · Recollida de datos en diario de clase
Indirecta · Informes e opinións doutros profesores ou profesionais
 · Entrevistas con pais e nais

Outras

. Xogos tipo Kahoot e Quizizz para reforzar de modo lúdico os contidos traballados .
. Vídeos para a práctica de ritmos e melodías.
. Videoconferencia

Na modalidade non presencial, empregaranse os medios dixitais dispoñibles para desenvolver cada un dos puntos citados no apartado de Probas, sendo suprimido o punto “ Observación”.

## 7. Metodoloxía didáctica

A metodoloxía didáctica a seguer terá en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais para que alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades. Así mesmo, esta metodoloxía favorecerá a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promover o traballo en equipo, e para aplicar métodos de investigación apropiados.
Tamén favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación , a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.
As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe na materia, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.
Se promoverá as medidas necesarias para que as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, a expresión escrita e a capacidade de se expresar correctamente en público.
O alumnado de bacharelato adquirirá, ademais, un manexo adecuado da información en diferentes soportes e de distintas fontes, incluída a biblioteca escolar, en liña co concepto de alfabetizacións múltiples.
Debido á situación sanitaria por mor da pandemia non superada do COVID 19 pode ser necesario adoptar unha aprendizaxe enteramente on line a través da Aula virtual do Departamento , con múltiples actividades on line e sempre podendo recurrir individualmente ao correo dos profesores e de xeito grupal a través de plataformas coma Webex ou Zoom entre outras.
Tamén poderá ser necesaria unha aprendizaxe semipresencial. Todo dependerá da situación sanitaria. En ámbolos dous casos se mixturarán ambas metodoloxías.

## 8. Materiais e recursos didácticos

Neste curso non se utiliza libro de texto oficial.
Todos os alumnos disporán dos apuntes e material necesario na Aula Virtual do propio Centro.

Outros materiais: -

- Fichas de traballo sobre elementos de linguaxe musical, na aula virtual
- papel pautado
- -Reproductores sonoros e audiovisuais: Ipod / Spotify/ Youtube
- -Soportes sonoros e audiovisuais .
- Encerado Dixital .
- -Musicogramas.
- -Discografía
- -Instrumental Orff ( placas e pequena percusión)
- -Pianos( un clavinova e outro teclado portátil para actuacións fora do centro), frautas...
- -Batería eléctrica
- Ordenador
- Correo electrónico
- Grupo de Whatsapp
- Xogos Kahoot e Quizizz
- Vídeos Youtube , Vimeo
- Videoconferencias

## 9. Criterios de avaliación

A avaliación será obxectiva, continua e terá un carácter formativo adaptándose ás necesidades do alumnado valorando a súa evolución no conxunto da materia e a súa madureza educativa en relación cos obxectivos e as competencias propostas.
Coa finalidade de lles facilitar aos alumnos e ás alumnas a recuperación da materia avaliada negativamente se organizarán as oportunas probas extraordinarias.

9.1 RESPECTO AO BLOQUE 1: DESTREZAS MUSICAIS

1. Identificar intervalos, modelos melódicos sinxelos, escalas ou acordes arpexiados a partir de diferentes alturas.
2. Identificar e executar instrumentalmente estruturas e patróns rítmicos ou melódicos simultáneos dunha obra breve ou dun fragmento, con ou sen cambio de compás, nun tempo establecido.

9.2 RESPECTO AO BLOQUE 2: AUDICIÓN COMPRENSIVA

1. Recoñecer autidivamente o pulso dunha obra ou dun fragmento, así como o acento periódico, e interiorizalo para manter durante breves períodos de silencio.
2. Recoñecer auditivamente e describir con posterioridade as característicos das obras escoitadas ou interpretadas

9.3 RESPECTO AO BLOQUE 3: A TEORÍA MUSICAL

1. Coñecer e aplicar na lectura e na interpretación de partituras os termos e os signos relacionados co ritmo e coa expresión musical.
2. Recoñecer nunha partitura os elementos básicos da linguaxe musical.

9.4 RESPECTO AO BLOQUE 4 : A CREACIÓN E A INTERPRETACIÓN

1. Realizar exercicios psicomotores e improvisar estruturas rítmicas sobre un fragmento escoitado de maneira tanto individual como conxunta.
2. Improvisar, individualmente ou colectivamente, breves estructuras rítmicas, partindo de premisas relativas a diferentes aspectos da linguaxe musical.
3. Interpretar de memoria, individualmente ou conxuntamente, fragmentos de obras do repertorio seleccionados entre os propostos polo alumnado, valorando as achegas do grupo e desenvolvendo o espírito crítico.
4. Improvisar ou compor e interpretar unha breve obra musical para unha melodía dada, que necesite a participación de varios executantes e incorporar movemento coreográfico, utilizando os coñecementos musicais adquiridos.
5. Saber comportarse como espectador/a e intérprete, e controlar o medo escénico nas actuacións.

9.5 RESPECTO AO 5º BLOQUE: AS TECNOLOXÍAS APLICADAS AO SON

1. Realizar traballos e exercicios aplicando as ferramentas que ofrecen as novas tecnoloxías.
2. Crear pezas sonoras ou audiovisuais utilizando distintos sistemas de reprodución e gravación de son.

9.6 MODALIDADE PRESENCIAL.

- O Bloque 1 será modificado no punto 2 no que respecta á interpretación que será sobre instrumentos de percusión debidamente hixienizados. Non se utilizará nin flauta ni ningún instrumento de vento.
- No bloque 4 ( puntos 1,2,4) as interpretacións e improvisación serán sobre percusión corporal de cadaquen ou sobre as mesas e en ningún caso de xeito grupal. Queda anulado o punto 5

9.7 MODALIDADE NON PRESENCIAL

Os criterios de avaliación reflectidos no punto 2 do BLOQUE 1 e nos puntos 1,2 e 4 do bloque 4 aplicaranse exclusivamente a interpretacións , improvisacións a través de percusións corporais e con instrumentos (incluso frauta) con gravacións en formato vídeo dende as súas casas.
Queda anulado o punto 5 do bloque 4 xa que está condicionado pola actual situación pandémica e é desaconsellado polas autoridades sanitarias.

## 10. Criterios de promoción

A promoción dos alumnos de música en 1º Bacharelato virá dada polo cumplimento e acadar positivamente os logros que o alumnado alcance ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

## 11. Criterios de calificación e cuantificación na promoción

Permiten  avaliar tanto os resultados da materia como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.
Para a promoción ao curso seguinte o alumno terá que ter acadados os estándares de aprendizaxes e a adquisición das competencias

11.1 MODALIDADE  PRESENCIAL

- As probas escritas de coñecementos puntuaranse de 0 a 10. De realizarse varias probas nunha avaliación a nota que se considerará será a media aritmética de todas. O peso desta nota no conxunto da nota da avaliación é do 60%.

- A realización de tarefas, traballos e actividades, cando o profesor así o sinale, terá un peso na nota final da avaliación do 40%. A nota deste apartado resultará da media resultante da realización das distintas tarefas. Neste apartado inclúese a interpretación instrumental.

- Poderanse programar actividades de participación voluntaria (presentacións multimedia, construcción de instrumentos, interpretación de pezas significativas, etc.), que serán puntuadas de 0 a 1 puntos dependendo da calidade.  En cada avaliación,a nota acadada por este apartado sumarase á nota da final de avaliación.

- A participación nas clases puntuará positivamente cando así o considere o profesorado.

- A actitude na aula (cumprimento das normas de clase, atención ás explicacións do profesor,etc.), poderá sumar ou restar ata un punto. Cada negativo por non traer material e por falta de puntualidade restará 0,25 na nota final da avaliación.

11.2 MODALIDADE NON PRESENCIAL.

- A realización de tarefas, traballos e actividades, cando o profesor cando así o sinale, terá un peso na nota final da avaliación do 70%. A nota deste apartado resultará da media resultante da realización das distintas tarefas. Neste apartado inclúese a interpretación instrumental.

- Realizaranse cuestionarios e/ou probas de coñecemento, as cales serán puntuadas de 0 a 10. De efectuarse varias probas nunha avaliación a nota que se considerará será a media aritmética de todas. O peso desta nota no conxunto da nota da avaliación é do 30%.

- Poderanse programar actividades de participación voluntaria (presentacións multimedia, construcción de instrumentos, interpretación de pezas significativas, etc.), que serán puntuadas de 0 a 1 puntos dependendo da calidade.  En cada avaliación,a nota acadada por este apartado sumarase á nota da final de avaliación.

- Evidentemente, tanto as actividades como as probas de coñecemento desenvolveranse de xeito telemático. As eventuais interpretacións instrumentais por parte do alumnado serán recollidas preferentemente por formato de vídeo en detrimento do formato de audio.

## 12. Proba extraordinaria de xuño

Se o alumno está suspenso na avaliación ordinaria ( entre o 6 ao 9 de xuño)  , terá dereito á avaliación extraordinaria de xuño ( entre o 20 ao 22 de xuño)
Con vistas a realizar a **proba extraordinaria de xuño**, se lles manterán os apuntamentos teóricos na aula virtual para poder preparala.

13.1 MODALIDADE  PRESENCIAL.
Esta proba teórica terá como base os contidos mínimos eisixibles na materia.
A parte práctica  práctica (percusión de ritmos ou tocar unha peza que non sexa con instrumento de vento a elixir polo profesor entre varias propostas de antemán ).

13.2 MODALIDADE NON PRESENCIAL

O/a alumno/a deberá superar unha proba teórica e outra práctica .
A proba teórica efectuarase de xeito telemático.
Para a proba práctica o alumno/a deberá achegar un arquivo de vídeo onde interprete ritmos ou melodías a escoller polo profesor entre varias propostas de antemán.

A nota máxima no exame extraordinario de xuño non superará o "6".

## 2º BACHARELATO : HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

### Introducción

A música e a danza son manifestacións artísticas que van ligadas ao devir histórico e cultural da humanidade. O estudo da súa historia pretende proporcionarlle ao alumnado unha visión global do lugar que ocupan ambas as disciplinas na historia da arte e dotalo de fundamentos de comprensión, análise e valoración das creacións, de criterios para establecer xuízos estéticos propios sobre elas, así como facilitarlle a adquisición de horizontes culturais máis ambiciosos.
Resulta evidente que o mundo está repleto de música e danza de diversos tipos: tradicional, folk, clásica ou jazz, por citar só uns poucos. Pero as modernas comunicacións e a tecnoloxía da reprodución sonora e visual fixeron do pluralismo musical parte da vida cotiá. Con todo, os modos nos que pensamos en música non reflicten esta situación: historicamente cada tipo de música ou danza chega co seu propio modo de pensar e inflúe na sociedade como se fose o único modo de pensar na música e na danza. Esta materia pretende abranguer a música e a danza ao seu paso pola historia e a súa vinculación coa sociedade e as artes en cada período, dándolle un carácter integrador que fai posible aproximarse á evolución das devanditas creacións. Ademais, o estudo desta materia permite abrir horizontes novos, procurar novas metas culturais e ampliar a perspectiva desde a que observar a música e a danza, non tanto a través dun estudo minucioso de autores e autoras, ou do catálogo das súas obras, senón máis ben a través da comprensión e a valoración das grandes achegas individuais ou colectivas, das súas características e o seu devir no tempo.
Deben ser obxecto de estudo as características máis salientables que configuran un estilo, unha época, os autores e as autoras máis salientables, cuxas obras impulsaron a evolución e o cambio cara a novas concepcións estéticas da música e da danza. A interpretación deberá ser entendida como a tradución práctica do código correspondente ou proveniente da tradición.
Os coñecementos adquiridos en cursos anteriores e no estudo desta materia permitirán ao alumnado comprender a evolución da música e da danza, establecer asociacións con outras manifestacións artísticas das sociedades en que se produciron, situar temporalmente as obras e, finalmente, construír argumentacións fundadas na súa análise e na súa valoración. A materia de Historia da Música e da Danza contribúe a que o alumnado se familiarice coa lectura de documentos e fontes que lle faciliten o acceso á comprensión de todos os aspectos técnicos relativos á música e á danza.
O coñecemento destes aspectos e a adquisición de competencias desenvolverán no alumnado a cultura estética, e a integración de todos eles proporcionará habilidades e estratexias de método que lle permitirán acceder e procesar datos para reflexionar de xeito autónomo sobre eles con posterioridade, conseguindo como resultado final que o alumnado poida situar, comprender, asimilar e comentar calquera obra que se someta á súa consideración. Logo de cursada esta materia, os alumnos e as alumnas adquirirán unha formación máis ampla, unha visión máis global do lugar que ocupan a música e a danza na historia da arte, e desenvolverán criterios para establecer xuízos estéticos propios.
A materia estrutúrase en nove bloques: "Percepción, análise e documentación", "A música e a danza da Antigüidade á Idade Media", "O Renacemento", "O Barroco", "O Clasicismo", "O Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo", "Primeiras tendencias modernas", "Música e danza na segunda metade do século XX" e "A música tradicional no mundo".

### 1. Contidos

A continuación móstranse os contidos, estruturados en nove bloques, segundo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Dada a situación pandémica actual, pode ser pertinente realizar modificacións para adaptar cada un destes bloques de contidos á modalidade adoptada en cada momento polo Centro (presencial ou non presencial). Estas alteracións reflíctense nos puntos 1.10 e 1.11.

1.1 BLOQUE 1: PERCEPCIÓN, ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN

1. Escoita, visión e análise de obras de música e danza representativas de cada período, procedentes doutras culturas o de manifestacións urbanas actuais, apreciando as súas características formais, estéticas e estilísticas. (i; d; n; m )
2. A obra artística no seu contexto histórico. ( i; d; n; e; p )
3. Seguimento de fragmentos musicais escritos en diferentes notacións para unha mellor comprensión das características da obra. ( i; d; n; e; p )
4. Elaboración de conclusións e valoracións estéticas propias, relacionando a música e a danza con outros aspectos do contexto en que se crearon, e seleccionando información procedente de diversas fontes sobre autorías e obras. (d; n )
5. Lectura e comentario crítico de textos literarios-musicais e relativos á danza ( d; e; h )
6. Estudo da música e da danza como soporte literario e como medio de intensificación dramática. (b; d; e )
7. Documentación: recursos bibliográficos e ferramentas de consulta; fontes musicais, audiovisuais, iconográficas e sonoras. ( a; b; d; e; h; l; p )
8. Elaboración de argumentacións e xuízos persoais, utilizando o léxico e a terminoloxía específica e xeral, sobre obras e textos relacionados coa música ou a danza, coas correntes estéticas ou cos autores e as autoras. ( a; b; d; e; h; l; p )

1.2 BLOQUE 2 : A MÚSICA E A DANZA DA ANTIGÜIDADE Á IDADE MEDIA

1. Música sacra. Canto gregoriano: características, orixe e evolución. Nacemento e evolución da polifonía: Ars Antiqua e Ars Nova. O Códigо Calixtino. ( b; d; g; m; n; p )
2. Música profana: xograres e goliardos. ( b; d; g; m; n; p )
Instrumentos medievais. ( b; d; g; m; n; p )
3. A danza na Antigüidade: Exipto, Mesopotamia e Persia, pobo hebreo e Creta. ( b; d; g; m; n; p )
4. A danza na Antigüidade clásica. Danzas teatrais en Roma e Grecia. Traxedia grega. ( b; d; g; m; n; p )
5. A danza na Idade Media. Danza e Igrexa. Carola, danza mesurada, momería e danza macabra. ( b; d; g; m; n; p )
6. Fontes iconográficas. Iconografía pétrea en Galicia e códices afonsinos. ( h; n; p )
7. Lírica galaico-portuguesa. Afonso X o Sabio. ( h; n; p )
8. Contexto histórico, social e cultural no que se desenvolveron a música e a danza na Antigüidade e na Idade Media. ( h; n; p )

1.3 BLOQUE 3: O RENACEMENTO

1. Polifonía renacentista: características e procedementos compositivos. Polifonía relixiosa. (b; d; g; m; n )
2. Música da Reforma e da Contrarreforma. Música vocal profana: madrigal e estilo madrigalesco. Principais polifonistas. (b; d; g; m; n )
3. O Renacemento en España: música vocal profana (vilancico e romance). Polifonistas do século de ouro: Tomás Luis de Victoria. (b; d; g; m; n )
4. Música instrumental en España. Organoloxía. Fontes de estudo. (b; d; g; m; n )
5. Danzas de corte: tipos e características. (b; d; g; m; n )
6. Nacemento e evolución do Ballet de Corte. (b; d; g; m; n )
7. Música da Reforma e da Contrarreforma. Música vocal profana: madrigal e estilo madrigalesco. Principais polifonistas. (d; h; n; p )
8. O Renacemento en España: música vocal profana (vilancico e romance). Polifonistas do século de ouro: Tomás Luis de Victoria (d; h; n; p )
9. Música instrumental en España. Organoloxía. Fontes de estudo. (d; h; n; p )

1.4 BLOQUE 4: O BARROCO

1. Música no Barroco: características, periodización e escolas. (b; d; g; g; m; n )
2. Nacemento da ópera. Ópera seria e ópera bufa. (b; d; g; g; m; n )
3. Música e relixión: cantata, oratorio e paixón. (b; d; g; g; m; n )
4. Formas instrumentais: orixe, características e evolución. (b; d; g; g; m; n )

5. Organoloxía. Tipoloxía da orquestra barroca. (b; d; g; g; m; n )
6. Ópera Ballet, Comedia Ballet e outros xéneros no Barroco. (b; d; g; g; m; n )
7. Real Academia de Danza en París. Chegada do profesionalismo á danza. (b; d; g; g; m; n )
8. Música barroca en España. Música vocal sacra e profana. Teatro musical: ópera e zarzuela. Música instrumental. Música nas catedrais galegas. (d; h; n; p )
9. Principais compositores e compositoras. Función social da persoa compositora. (d; h; n; p )
10. Danzas cortesás do Barroco. Ballet de Luís XIV. Música escénica. (d; h; n; p )

## 1.5 BLOQUE 5: O CLASICISMO

1. Estilo Galante e Escola de Mannheim. (b; d; g; m; n )
2. Formas instrumentais: orixe, características e evolución. (b; d; g; m; n )
3. Música sinfónica e de cámara. Música vocal: reforma de Gluck. Ópera bufa e ópera seria. (b; d; g; m; n )
4. Principais compositores clásicos: Haydn, Mozart e Beethoven. (b; d; g; m; n )
5. Organoloxía: o piano e o cuarteto de corda; evolución da orquestra. (b; d; g; m; n )
6. Ballet de acción. Noverre e outros reformadores. Novos aspectos do espectáculo. Estética. Innovacións da posta en escena. (b; d; g; m; n )
7. Clasicismo en España. (d; h; n; p )

## 1.6 BLOQUE 6: O ROMANTICISMO, O NACIONALISMO E O POSROMANTICISMO

1. Romanticismo. ( b; d; g; m; n; p )
2. Orquestra romántica. Formas sinfónicas. Sinfonía, concerto e música programática.
Piano romántico. Música de cámara.
Ópera. Tendencias. Evolución da ópera como espectáculo. Verismo.
Lied. Composición no Romanticismo e no Posromanticismo.
Orixe e significado dos nacionalismos musicais: escolas e estilos. Figuras representativas da composición. ( b; d; g; m; n; p )
3. Rexurdimento musical en Galicia: música instrumental e vocal. ( b; d; g; m; n; p )
4. Ballet romántico: xénese e desenvolvemento; principais obras e figuras. ( b; d; g; m; n; p )
5. Período posromántico no ballet. Principais obras e figuras do ballet imperial ruso. ( b; d; g; m; n; p )
6. Danza española. Orixes e consolidación das distintas vertentes: folclore, escola bolera, flamenco e danza estilizada. ( b; d; g; m; n; p )
7. Música na España do século XIX. Zarzuela. Música galega: principais compositores. ( d; h; n; p )
8. Influencia da literatura na música. ( d; h; n; p )

## 1.7 BLOQUE 7: PRIMEIRAS TENDENCIAS MODERNAS

1. Impresionismo: características musicais e figuras representativas. ( b; d; g; m; n; h; p)
2. Segunda Escola de Viena: Do Posromanticismo ao Dodecafonismo: composición e técnicas. ( b; d; g; m; n; h; p )
3. Neoclasicismo. Representantes principais da composición. Stravisnki. ( b; d; g; m; n; h; p )
4. Teatro musical europeo e americano a comezos do século XX. ( b; d; g; m; n; h; p )
5. Orixe e desenvolvemento da música de jazz. ( b; d; g; m; n; h; p )
6. Concepcións da orquestra no século XX. ( b; d; g; m; n; h; p )
7. Ballets rusos. Diaghiliev (coreógrafos, compositores e escenógrafos). Danza moderna ( d; h; n; p )
8. Novas linguaxes no século XX. O século dos ismos: Surrealismo, Expresionismo, etc. ( d; h; n; p )
9. Desenvolvemento da danza moderna nas primeiras décadas do século XX. ( d; h; n; p )
10. Música en España na primeira metade do século. Falla e a Xeración do 98. Xeración da República. ( d; h; n; p )
11. Música galega. Figuras representativas galegas na diáspora. ( d; h; n; p )

## 1.8 BLOQUE 8: MÚSICA E DANZA NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XX

1. Serialismo Integral. (h; m; n; l; p )
2. Vangardas. Indeterminación e aleatoriedade. Novas grafías. Música electroacústica e música concreta. (h; m; n; l; p )
3. Postserialismo. (h; m; n; l; p )
4. Música de vangarda española: Xeración do 51. Música galega. Autores/as contemporáneos/as. (h; m; n; l; p )

5. Música e danza popular moderna: jazz, pop e rock. (h; m; n; l; p )
6. Danza contemporánea. Evolución e expansión na segunda metade do século XX. (h; m; n; l; p )
7. Cante e baile flamenco. (d; h; n; p )
8. Música e danza popular galega (d; h; n; p )
9. Importancia da música cinematográfica, publicitaria e de ambientación. A danza no cine. (d; h; n; p )
10. Novos instrumentos. Novas tecnoloxías aplicadas á música. (d; h; n; p )

1.9 BLOQUE 9: A MÚSICA TRADICIONAL NO MUNDO

1. Danza e música exótica, étnica, folclórica e popular. Música e danza popular galega. (h; n; l; g; p )
2. Función social da música e a danza: ritos, tradicións e festas. (h; n; l; g; p )
3. Características da música e da danza: ritmo, melodía, morfoloxía, estilos de canto, texturas, pasos, disposicións e movementos. (h; n; l; g; p )
4. Organoloxía. Introdución aos instrumentos tradicionais. O instrumento musical como obxecto etnográfico. (h; n; l; g; p )

1.10 MODALIDADE PRESENCIAL.

Tódolos bloques podrán ser desenvolvidos sen seren modificados .

1.11 MODALIDADE NON PRESENCIAL.

Os bloques poderá ser desenvolvidos a través de clases on line e a realización de cuestionarios que serán entregados a través da aula virtual ou por correo electrónico ao profesor. Estes cuestionarios podrán ser como “reforzo” da materia ou como avaliación de contidos con valoración de nota.

## 2. Competencias clave

Son as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

Comunicación lingüística (CCL).
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT). Competencia dixital (CD).
Aprender a aprender (CAA).
Competencias sociais e cívicas (CSC).
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
Conciencia e expresións culturais (CCEC).

## 3. Estándares de aprendizaxe

3.1 RESPECTO AO 1º BLOQUE : PERCEPCIÓN , ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN

1. Realiza desde unha perspectiva persoal unha valoración estética e crítica dunha obra concreta ou dunha interpretación dela. ( CCEC; CAA)
2. Domina o vocabulario e a terminoloxía científica aplicados á música e á danza. ( CMCCT)
3. Consulta e contrasta as fontes de información adecuadas para a elaboración dos comentarios. ( CA; CCL )
4. Identifica e sitúa cronoloxicamente os diferentes períodos da historia da música e da danza. (CCEC)
5. Coñece e explica as principais características dos estilos, os xéneros ou as escolas, e detecta as diferenzas entre varias obras. ( CAA ; CCL)
6. Contextualiza a obra no seu momento histórico e/ou estilístico. ( CCEC; CCL)
7. Comprende e explica a complexidade do fenómeno artístico, e extrae conclusións propias con base nos coñecementos adquiridos na materia.( CCEC; CAA)
8. Entende e explica a función das obras e a influencia na sociedade e noutras disciplinas artísticas no momento da súa creación. ( CCEC; CAA; CSC)
9. Comprende e describe o proceso creativo de músicos/as e coreógrafos/as. ( CAA; CSC )
10. Describe as formulacións plasmadas polo/pola autor/a do texto, en relación coas correntes estéticas e estilísticas dunha época concreta. ( CCL; CAA; CCEC )
11.Elabora una análise de texto de xeito ordenado e metódico, sintetizando as ideas, distinguindo a información principal da secundaria e usando un vocabulario técnico acorde. ( CAA; CCL )

12. Comprende e explica o papel da música e da danza, e o xeito en que se relaciona con outras artes, para configurar xunto a elas unha obra artística total. ( CAA; CCEC; CCL )
13. Explica a utilización que se fixo da música nunha situación concreta. ( CAA; CCL )
14. Selecciona pezas musicais para sonorizar ou ambientar situacións artísticas concretas. ( CD; CSIEE )
15. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, e dominio do tema de investigación. ( CAA; CSIEE; CCEC; CCL )
16. Selecciona correctamente temas obxecto de investigación, establecendo prioridades e superando con creatividade os obstáculos que vaian xurdindo. ( CCL; CCEC; CAA )
17. Asume con responsabilidade o seu papel no traballo en grupo, tomando as decisións pertinentes. ( CSC; CSIEE )
